



Informe Mundial de ESTADOS DE FEITO





Informe Mundial de ESTADOS DE FEITO



www.igadi.org

Dirección:

Xulio Ríos

Equipo Colaborador:

Alexis B. Romanov

Hakob Symonian

José Abu-Tarbush

Katarzyna Araczevska

María Ángela Tous Sansó

Roberto Mansilla Blanco

Maquetación:

Breogán Xuncal Pereira

ISSN:

2174-0186.

Depósito Legal:

VG 321-2011

A edición deste Informe Mundial sobre Estados de Feito contou coa colaboración da Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística do Concello da Coruña.

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI.

INDICE

- 7** **Presentación**
- 8** **Introdución**
- 11** **Análises**
- 12** **Abxasia: cara a asimilación con Rusia?**
por Alexis B. Romanov
- 17** **Cosova: cara un “Estado fracasado”?**
por Roberto Mansilla
- 21** **Nagorno Karabaj: 20 anos de independencia**
por Hakob Symonian
- 26** **Osetia do Sur: un peón estratéxico para Moscova**
por Alexis B. Romanov
- 31** **As dificultades dun Estado palestino para 2011**
por José Abu-Tarbush
- 35** **Puntlandia como foco de estabilización no Corno de África**
por María Ángela Tous Sansó
- 39** **Transnistria: mantendo o status quo**
por Katarzyna Araczweska
- 42** **Viraxe nacionalista na República Turca do Norte de Chipre**
por Roberto Mansilla
- 46** **Somalilandia: a necesaria estabilidade política**
por María Ángela Tous Sansó
- 49** **Taiwán: esfolando a margarida da unificación**
por Xulio Ríos
- 53** **Fichas-País**

O IGADI presenta este primeiro **Informe Mundial sobre Estados de Feito** que nace coa vontade de facer un seguimento periódico destas novas formas de vida internacional que plasman a aparición e mesmo a consolidación de suxeitos ata hai pouco marxinais e plenamente acoutados na orde mundial que hoxe asoman, con frecuencia, nas primeiras posicións da axenda global, xa sexa directa (guerra ruso-xeorxiana) ou indirectamente (piratería en Somalia), desenvolvendo unha forte capacidade de impacto.

Achegamos, pois, unhas fichas-país de cada un destes Estados de Feito, identificados a partir da constatación dunha serie de elementos comúns, acompañadas dunha breve análise que, a modo de diagnósticos puntuais, sinalan as claves que configuran o seu presente, sen deixar de incluír alertas específicas sobre algúns vectores que poidan aventurar o xurdimento de crises graves no horizonte.

Este informe reflicte parte da actividade do Programa de Investigación do IGADI sobre Seguridade, Conflitos e Alternativas no Sistema Internacional, no que participan habitualmente algúns dos colaboradores deste documento.

Resta agradecer a colaboración de todos os autores pois sen a súa xenerosidade e rigor resultaría imposible a realización do Informe.

Igadi, 28 de Febreiro de 2011

Introdución

Estados de Feito (EDF), seguindo a denominación de Scott Pegg, poden considerarse aquelas entidades secesionistas que reciben apoio popular e que acadaron a capacidade suficiente para proporcionar servizos gobernamentais a unha poboación determinada nun área territorial concreta, sobre a que mantén un control efectivo por un período de tempo prolongado. Poderíamos engadir a esta definición a existencia dun determinado nivel de recoñecemento exterior, se ben excluindo a participación no sistema de Nacións Unidas. Estamos, pois, ante realidades fácticas semellantes a Estados pero que non podemos cualificar de tal no sentido plenamente formal ao carecer dun recoñecemento xurídico efectivo e maioritario.

Esta particular casuística engloba situacións moi dispares. Fronte ao caso de Taiwán, unha das maiores potencias comerciais do mundo a pesar das súas exiguas dimensións, podemos sinalar outras realidades caracterizadas pola fragilidade máis absoluta (pensemos en Palestina). Aínda presentando como denominador común un conflito que afecta ao Estado preexistente, as súas orixes tamén son diferenciadas: ligadas ao mundo da guerra fría nalgún caso, á fin do mundo bipolar noutros, ou tamén a procesos de descolonización deficientemente culminados.

A inmensa maioría destes EDF subsisten en condicións extremadamente difíciles. En tempos caracterizados pola mundialización e a intensificación das dependencias, o seu contexto interno é de complexa supervivencia, nalgún caso superada en condicións de práctica autarquía, a pesar do habitual apoio dalgún aliado protector, a miúdo insuficiente para colmar as necesidades de integración, repelidas por prudencia. Non obstante, outras veces, os EDF semellan ser máis Estado ca outros formalmente recoñecidos e integrantes de Nacións Unidas (pensemos en Taiwán fronte a Somalia).

Tampouco cabe acreditar comportamentos uniformes por parte dos principais actores da sociedade internacional. Se nos referimos a Cosova ou a Osetia do Sur, as actitudes de EEUU e a UE, poñamos por caso, son claramente diferentes das adoptadas por Rusia ou China. En non poucos casos, esta discrepancia obedece a poderosos intereses estratéxicos.

Aínda sendo un número limitado de supostos, o impacto da problemática destes EDF non debe menosprezarse. Pensemos na transcendencia do incremento das tensións no Estreito de Taiwán ou na Transcaucasia, como constatamos na breve guerra do verán de 2008 entre Rusia e Xeorxia. Aínda que situados na periferia do sistema, a capacidade de impacto na axenda internacional segue a ser considerable.

Non cabe, pois, ignorar esta problemática dos EDF. Obviamente, non son Estados soberanos nin pode abordarse a súa situación conforme aos instrumentos convencionais. Por iso precísanse instrumentos innovadores que permitan encarala, a sabendas de que, lonxe da provisionalidade atribuída inicialmente, tenden a permanecer. A actitude que invita a pasar con pes de lá ou desprezar esta realidade non facilita unha aproximación construtiva ao conflito nin axuda á súa resolución. A persistencia de entidades como a UNPO (Unrepresented Nations and Peoples Organization, www.unpo.org), indica a existencia dun fenómeno que a sociedade internacional debe intentar resolver por vías pacíficas e democráticas para que non dexeneren en crises de seguridade ou humanitarias de máis difícil resolución.

Os EDF alertan da existencia de conflitos formalmente intraestatais de difícil saída que cabe inserir nun mundo en proceso de transformación estrutural no que aos episodios de emancipación territorial súmanse outros escenarios de tensión que sintomatizan unha fluidez de límites sensiblemente efémeros e perfís aínda incertos.

Xulio Ríos

é director do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional).

Bibliografía

- (1) BAHCHELI, Tozun; BARTMANN, Barry e SREBRINK, Henry (eds.), *De Facto States: the quest for sovereignty*, Routledge, Londres e Nova York, 2004.
- (2) SCOTT, Pegg, "De Facto States in the International System", *Working Paper* nº 21, 1998, Institute of International Relations, University of British Columbia.
- (3) VILANOVA I TRIAS, Pere, "¿Estados de facto versus fallidos o fráxiles? Unas notas acerca de la dificultad teórica para establecer nuevas tipologías", en *Revista Académica de Relaciones Internacionales*, núm. 10, febrero de 2008, GERI-UAM.
- (4) VVAA., "Enquête sur les états non reconnus", Dossier en *Le Courrier International*, nº 841, xaneiro de 2007.

ANÁLISE

Abxasia: cara a asimilación con Rusia?

A República de Abxasia, que se proclamou independente en 1992, tivo que esperar 16 anos para ser recoñecida por algún Estado suxeito do Dereito Internacional. Con todo, este recoñecemento limitouse á Federación Rusa, que o fixo só para molestar a Xeorxia, e algúns países que claramente o fixeron para solidarizarse con Rusia (como son os casos de Venezuela e Nicaragua) ou para obter un favor dela (como Nauru, do cal dise que Rusia lle ofreceu unha axuda de 50 millóns de dólares polo recoñecemento).

Nin sequera o presidente de Belarús, Anatoly Lukashenko, fixo caso aos desexos de Moscova, a pesar de que isto puña en perigo as tarifas privilexiadas do gas ruso: só enviou unha delegación dos seus parlamentarios para ver, *“se de verdade Abxasia era independente”*.

Este país, cunha superficie de 8.600 km², ten só 216 mil habitantes e a súa capacidade de ser un Estado independente non ten moita credibilidade para o mundo exterior. Emerxeu no período de descomposición da Unión Soviética, o que se debeu maiormente á inquietude que xeraban na poboación abxasia as tendencias independentistas de Xeorxia, que provocaban unha gran incerteza. Sendo unha república autónoma no seo da República Socialista Soviética de Xeorxia, tiña moitas razóns históricas, económicas e culturais tanto para seguir compartindo os destinos da nación xeorxiana como para rexeitar a convivencia.

Unha forte identidade independentista

No sentido etnolingüístico, os abxasios teñen un parentesco cos cherqueses (circasianos) no Norte do Cáucaso, pero a través do seu desenvolvemento histórico sempre pertenceron á rexión transcaucásica. Teñen unha historia rica que se remonta ás antigas colonias gregas, formando parte do Reino de Cólquida (metade do I milenio a.C.) e máis tarde do Imperio Romano Oriental (ata o século VIII). Ao liberarse do dominio bizantino, formouse o Reino de Abxasia que se estendeu a Xeorxia Occidental, permitindo así unha afluencia de poboación xeorxiana a este territorio.

O reino participou activamente na loita pola reunificación de toda Xeorxia. O Estado xeorxiano unido considerábase *“reino de abxasios e kartlianos (xeorxianos)”*. A igrexa cristiá en Abxasia, que inicialmente dependía da bizantina de Constantinopla, integrouse na Igrexa xeorxiana, o que trouxo consigo o uso dominante da lingua xeorxiana non só en ritos eclesiásticos, senón tamén no ámbito oficial e cultural.

Logo da desintegración do Estado xeorxiano feudal, Abxasia pasou a ser un principado independente, pero no último cuarto do século XVI caeu baixo o dominio do Imperio Otomán, mantendo a súa autonomía e opóndose á islamización. Tiveron lugar varios levantamentos contra o dominio turco en 1725, 1728, 1733, 1771 e 1806.

Finalmente os gobernantes de Abxasia solicitaron a protección por parte do imperio de Rusia, e en 1810, o príncipe de Abxasia xurou lealdade ao emperador ruso. Uns 54 anos máis tarde, Rusia suprimiu o autogoberno e o principado mesmo porque, segundo escribía o gobernador para Cáucaso M. Románov: *“Rusia, no canto dunha aliada agradecida, obtivo en Abxasia unha escrava rebelde e traizoeira disposta a recibir cos brazos abertos a calquera inimigo noso que apareza fronte ás súas costas”*.

A supresión da autonomía provocou en 1866 a sublevación máis importante dos abxasios no século XIX, cun aplastamento que tivo como consecuencia o éxodo masivo a Turquía, proceso denominado *muhayir*. Considérase que por mor das baixas humanas en enfrontamentos bélicos, o éxodo e represalias (en 1877 o goberno ruso declarou a todos os abxasios “poboación culpable”, privándoos de moitos dereitos no seu propio país), Abxasia perdera, cara a fins do século XIX, un 40% da súa poboación.

Á súa vez Rusia promoveu a repoboación deste territorio con cristiáns ortodoxos, rusos, ucráinos, ata armenios e gregos provenientes de Turquía, así como luteranos estonianos e alemáns. Por suposto, nada impedía a chegada masiva de veciños xeorxianos.

Logo da revolución de 1917, o movemento nacional abxasio adheriuse á Unión dos Montañeses de Cáucaso (á que pertencían os pobos da Ciscaucasia), pero tanto o goberno socialdemócrata da Xeorxia independente como logo as autoridades soviéticas concederon a Abxasia un status autonómico no marco da república de Xeorxia. A parte xeorxiana argumentábo co insuficiente desenvolvemento nacional abxasio para ter un Estado independente. En realidade, a lingua non tivera a súa escritura ata fins do século XIX, a literatura e prensa apareceron na segunda década do século XX.

Como todos os pobos oprimidos polo Imperio Ruso, o pobo abxasio viviu nos primeiros dous decenios do poder soviético un verdadeiro auxe nacional tanto no ámbito cultural, como no económico, pero a partir da segunda metade dos anos 1930, sufriu restricións para todo o que os gobernantes en Moscova podían cualificar como “nacionalista” (e por tanto “antisoviético”), así como cruentas represalias políticas. Durante as purgas stalinistas, Abxasia perdeu practicamente todos os seus intelectuais e dirixentes políticos.

Ademais do proceso de “supresión de diferenzas nacionais”, que era común para todos os compoñentes da ex URSS e convertíaa, de feito, nunha continuación do Estado ruso, este país foi sometido a unha integración forzada á comunidade nacional xeorxiana. Para facilitar o

ensino, as escolas, que na fase primaria (graos I a IV) funcionaban en abxasio e na secundaria (graos V a X) en ruso, transformábanse en totalmente xeorxianas. Os topónimos abxasios substituíanse polos xeorxianos, aplicábase unha política que favorecía a inmigración xeorxiana. Nos anos 1950, 1960 e 1970 producíronse manifestacións antixeorxianas que, en 1989, degradaron en enfrontamentos armados.

Neste contexto, Abxasia non participou no referendo sobre a independencia de Xeorxia, subtraéndose de procesos na república, e cando esta aboliu toda a lexislación do período soviético, Abxasia restituíu a súa constitución de 1925, que definía unha república nominalmente non autónoma. A proclamación definitiva da súa independencia, en xullo de 1992, causou unha guerra sanguenta que, grazas á axuda indirecta de Rusia e á participación de voluntarios do Cáucaso do Norte e doutras rexións, terminou en 1994 coa expulsión das tropas xeorxianas da case a totalidade do territorio abxasio.

Deste modo, asinou en Moscova ese mesmo ano un acordo que ampliaba o ámbito da autonomía abxasia no marco do Estado xeorxiano e prevía o estacionamento de Forzas de Paz da Comunidade de Estados Independentes (de feito militares rusos) e unha misión de observación da ONU na área do conflito. Abxasia negouse a aceptar todas as propostas de autonomía no marco do Estado xeorxiano, xa que se sentía forte para rexeitar calquera intento xeorxiano de recuperar a súa soberanía sobre esta rexión, contando cun apoio case incondicional por parte de Rusia. Así, e a pesar de non lograr un recoñecemento internacional, Abxasia posúe todos os atributos indispensables de Estado e ata demostrou un funcionamento democrático nas eleccións presidenciais de 2004 e 2009.

A case total preponderancia de Moscova

Alén de que, desde a perspectiva global, Abxasia vese ante todo como unha rexión onde se enfrontaron os intereses de Rusia e Occidente, apoiando este a Xeorxia, o país emerxido non logra presentarse como independente cara ao exterior. É difícil crer na súa independencia cando case o 90% dos seus cidadáns fixéronse cidadáns de Rusia porque, entre outras cousas, os pasaportes abxasios non lles serven nin para chegar ata os países que recoñeceron a Abxasia.

Os resultados reais da independencia son catastróficos: por mor dos conflitos armados e da inestabilidade, a república perdeu, entre caídos e emigrados, máis da metade da súa poboación: 525.061 censados en 1989 e 239.872 en 2003. Produciuse unha limpeza étnica contra os xeorxianos: a súa poboación reduciuse nun 80%. Pero tamén se reduciu a poboación doutras etnias: a rusa nun 69%, a armenia nun 41%, a grega nun 89%. Nesta situación, os abxasios resultaron ser o grupo étnico máis numeroso pero igual non chegan á metade (44%) da poboación total. Pola súa banda, a lingua abxasia está declarada estatal, pero recoñécese

o ruso como lingua de institucións estatais así como doutras, o que reduce o uso do abxasio, que aínda se considera en perigo de extinción.

A situación económica semella mellor ca en Xeorxia, con salarios catro veces máis altos, pero as actividades económicas están reducidas basicamente a dúas ramas principais: o turismo na costa do Mar Negro, que permitiu a chegada de 800 mil turistas en 2009, xeralmente de Rusia; e o cultivo e exportación de cítricos, que xeran un 35% de ingresos por exportación. A dependencia económica de Rusia é case total: o 90% do volume de vendas ao exterior corresponde a Rusia; a moeda rusa, o rublo, constitúe o medio de pago oficial. De suma importancia son as transferencias desde Rusia a xubilados que teñen a cidadanía rusa. Outro socio económico notable no exterior e investidor é Turquía, onde residen descendentes dos *muhayir* (inmigrantes) que abandonaron Abxasia no século XIX. Estes descendentes son máis numerosos que a poboación actual abxasia.

Aparte do comercio minorista e de produtos semiprosesados de madeira e agrícolas, a maior parte da economía abxasia segue actualmente en depresión, sen alcanzar os niveis de 1980 pola perda de mercados. Estanse realizando programas conxuntos con Rusia para rehabilitar o transporte terrestre e marítimo, que practicamente monopoliza en mans rusas a construción de camiños e o transporte de combustibles.

Trala independencia en 2008, a cooperación no ámbito militar, que inclúen acordos sobre a protección conxunta de fronteiras (2009) e, a partir de 2010, do despregue dunha base militar rusa por 49 anos, resalta o feito de que o ámbito de defensa de Abxasia corresponde á área de responsabilidade da forza militar rusa, e que, polo tanto, obedece só á lexislación rusa. O límite administrativo da autonomía abxasia converteuse dese modo para Xeorxia nunha fronteira protexida por tropas rusas, privándoa da posibilidade de tomar calquera acción directa nesta parte do seu territorio.

Como saída da crise, Xeorxia quere ofrecer a Abxasia a máxima autonomía con representación en todos os órganos de poder central, concedendo o dereito a vetar calquera decisión que afecte á autonomía. A retirada das tropas rusas como condición previa faino inaceptable para a parte abxasia. Xustamente, isto socava a súa independencia real e a posibilidade do seu recoñecemento, porque a comunidade internacional, na súa maioría, reconece a soberanía de Xeorxia. Por exemplo, o 12 de marzo de 2010, nunha declaración de apoio da UE ás iniciativas xeorxianas, reiterábase *“o seu firme respaldo á seguridade e a estabilidade de Xeorxia, baseado no pleno respecto dos principios de independencia, soberanía e integridade territorial recoñecidos polo dereito internacional”*.

Nunha declaración similar con referencia ás eleccións presidenciais en Abxasia, a Unión Europea deixou claro que *“non reconece o marco constitucional e xurídico en que tiveron lugar devanditas eleccións”*. Para a parte europea, a presenza do persoal e equipos militares rusos en Abxasia segue sendo unha violación dun dos puntos do acordo de 2008.

Nas discusións de Xenebra entre representantes gobernamentais de Xeorxia, Abxasia, Osetia Sur e Rusia e mediadores da UE, a Organización de Seguridade e Cooperación Europea (OSCE), Nacións Unidas e Estados Unidos, que trataron cuestións de seguridade e humanitarias nas zonas de conflito, non se conseguiu avanzar porque as partes sosteñen posicións incompatibles. Abxasia e Osetia do Sur con Rusia queren que Xeorxia firme un acordo coas rexións secesionistas sobre o non uso da forza, pero Xeorxia sostén que o acordo con Rusia de 2008 sobre o armisticio xa establece a renuncia ao uso da forza e calquera outro acordo debe asinarse con Moscova e non cos secesionistas, que son só os seus apoderados. Para Abxasia, tal actitude é un serio obstáculo para seguir participando nas discusións. Máis aínda, considerando que a UE vese predisposta a favorecer a Xeorxia, obstaculiza actividades dos representantes da Misión europea sobre o seguimento do seu territorio.

Nestas condicións, Abxasia non poderá evitar seguir integrándose con Rusia, o que condiciona a propia independencia e conduce a unha asimilación acelerada da nacionalidade abxasia. Tampouco se debe descartar a posibilidade de reconciliación con Xeorxia e a reconstrución nacional nun marco autonómico máis amplo, pero isto require un alto grao de madurez política e humanitaria que, lamentablemente, non amosa ningunha das partes implicadas.

Alexis B. Romanov
é colaborador do IGADI

O pasado 17 de febreiro de 2011, Cosova celebrou tres anos da proclamación da súa declaración de independencia (2008), e que dende entón suma o apoio de 75 países, incluíndo EEUU, así como 22 dos 27 países pertencentes á Unión Europea (salvo España, Grecia, Rumanía, Eslovaquia e Bulgaria) e outros 53 países membros das Nacións Unidas. A pretensión cosovar é a de lexitimar a súa condición de Estado nacional e converterse no 193º país membro da ONU.

Non obstante, o panorama actual remite a unha preocupante situación sobre o futuro deste novo Estado. Cosova é aínda cualificada por Serbia como unha “provincia autónoma”, mentres carece do recoñecemento oficial de países cun peso específico decisivo nas instancias internacionais, como son os casos de China, Rusia, Brasil, India, Irán, México ou Arxentina.

Paralelamente, medran as preocupacións no exterior, principalmente por parte da ONU e da Unión Europea, ante a complicada estabilidade política cosovar, así como polas innumerables acusacións de corrupción e crime organizado en convivencia coas mais altas esferas do poder político, factores que obviamente salpican a xestión do primeiro ministro Hashim Thaci.

Crime, mafias e inestabilidade política

En decembro de 2010, o relator do Consello de Europa, o xuíz suízo Dicky Marty, elaborou un informe demoledor sobre a andaina deste novo Estado europeo, causando un duro impacto na opinión pública cosovar e internacional. Neste informe acusábase á antiga guerrilla do Exército de Liberación de Cosova (UCK polas súas siglas en albanocosovar), liderada desde 1998 polo actual primeiro ministro Thaci, de colaborar co narcotráfico e cunha rede que operaba dende Albania na extracción de órganos a presos serbios.

Paralelamente, este informe tamén denunciaba o elevado nivel de corrupción nas instancias administrativas cosovares, penetradas por diversas mafias que presuntamente están orientando a Cosova pola senda dun “Estado fracasado”, tal e como incluso chegou a sinalar o embaixador estadounidense en Prístina, Christopher Dell.

No informe de Marty se describe a Thaci como un “actor clave” da mafia e do crime organizado en Cosova, cualificándoo como “o máis perigoso dos padriños da criminalidade da UCK”, un aspecto que “era coñecido pola OTAN e outros gobernos”. Velaí porqué a Asemblea Parla-

mentaria do Consello de Europa e a EULEX, a misión policial da UE para Cosova, solicitaron probas a Marty da veracidade das súas acusacións sobre os crimes e a corrupción presuntamente existente no goberno cosovar. Incluso, o propio presidente serbio Boris Tadic pediu investigar e, eventualmente, facer comparecer a Thaci ante os tribunais internacionais.

Ademais do escándalo provocado por este informe, o panorama político cosovar denota unha situación de inestabilidade e de certa anarquía. En setembro de 2010 colapsou a alianza entre os dous principais partidos políticos, o Partido Democrático (PDK) de Thaci e a Liga Democrática de Cosova, levando á dimisión de Fatmir Sedju, o primeiro presidente da Cosova independente. Dende entón, a presidencia está ocupada por un presidente interino nomeado pola ONU, Jakup Krasniqi,, quen dende 2007 exercía como presidente da Asemblea de Cosova, a única cámara lexislativa existente.

Posteriormente, o pasado 12 de decembro de 2010, as primeiras eleccións lexislativas cosovares desde a súa independencia foron denunciadas por presuntos casos de irregularidades e acusacións de fraude electoral. Neses comicios, o PDK obtivo 34 dos 120 escanos parlamentarios.

A fin de tentar solucionar esta crise política, o primeiro ministro Thaci e o PDK aceleraron unha serie de negociacións para formar un novo goberno con Behgiet Pacolli, líder da Nova Alianza de Cosova (AAK), considerado o home máis rico do país. Non obstante, Pacolli, ata agora o único político cosovar que se postulou como candidato presidencial para substituír a Sejdiu, é acusado por diversos sectores de corrupción e trato coas mafias.

Nos pasados comicios lexislativos, a AAK obtivo 12 escanos, razón pola que o PDK iniciou conversas para tentar formar goberno. Outros partidos, como a Liga Democrática de Cosova, con 27 escanos, e o Partido Autodeterminación, con 14 escanos, xa declararon publicamente que non negociarían con Thaci ningún pacto político para formar un novo goberno.

O pasado 22 de febreiro de 2011, o Parlamento de Cosova designou a Behgiet Pacolli como novo presidente interino de Cosova, o cal provocou fortes protestas por parte dos partidos opoñentes, que levaron á propia renuncia de Pacolli á presidencia o pasado 30 de marzo de 2011. O 4 de abril foi substituído por Jakup Krasniqi no posto como Presidente Interino.

Independencia e polémica internacional

Mentres a crise política dilúe a Cosova nun manto de inestabilidade, o panorama sobre o seu recoñecemento oficial internacional segue a provocar fortes polémicas, se ben en 2010, un total de 8 países recoñeceron a Cosova, moi probablemente instados polos esforzos da diplomacia estadounidense por outorgarlle lexitimidade internacional a este novo Estado.

Cosova é recoñecida actualmente por 75 países membros da ONU, o cal constitúe só un 39% dos membros totais deste organismo. Moitos países están á espera do que ditamine o Consello de Seguridade da ONU para adoptar unha posición sobre o status cosovar. Non obstante, o presumible veto de Rusia e China obstaculizan as pretensións cosovares de converterse nun membro mais da ONU.

Pola súa banda, a UE está premendo ás autoridades cosovares para reiniciar unha serie de diálogos e negociacións con Serbia, a fin de acordar aspectos específicos sobre o actual status cosovar. Para Bruxelas, este aspecto resulta igualmente esencial para consolidar as negociacións de admisión serbia na UE. Non obstante, a ausencia dun novo goberno en Cosova trala renuncia do ex presidente Sejdiu, paraliza tamén a posibilidade de negociación con Belgrado.

Baixo este panorama, a UE aínda non axilizou o proceso de liberalización de visados para Cosova, sendo este territorio o único dos Balcáns que non conta con este recoñecemento europeo. Unha razón válida para Bruxelas pode limitarse ao feito de que a liberalización de visados alentaría aínda máis o tráfico das mafias cosovares cara Europa. Dende o punto de vista comunicativo, Cosova segue a utilizar os códigos de prefixos telefónicos de Serbia, Mónaco e Eslovenia, mentres os seus deportistas non pode participar oficialmente en ningunha competición internacional.

Pero o foco de atención segue a ser polémica suscitada pola lexitimidade da declaración unilateral de independencia cosovar de febreiro de 2008, especialmente á vista da legalidade dos convenios internacionais. O 22 de xullo de 2010, a Corte Internacional de Xustiza (CIX) emitiu unha opinión consultiva a petición da Asemblea Xeral da ONU, na que argumentaba a legalidade desta declaración de independencia, por considerar que *"non vulnera o Dereito Internacional"* e por constituír un *"caso excepcional"*. Esta decisión, amparada por EEUU, foi rexeitada por Serbia e outros países que se opoñen á independencia cosovar.

Sorteando a crise económica

Débese igualmente considerar cómo o impacto da crise económica e, incluso, os efectos da rebelión árabe que levou á caída das autocracias presidenciais en Tunisia e Exipto, son factores que poden influír internamente no espallamento dun clima de frustración social e política dentro de Cosova. A finais de xaneiro de 2011, na veciña Albania tiveron lugar fortes protestas contra a alza dos prezos dos alimentos, colocando nunha delicada situación ao seu primeiro ministro Sali Berisha.

A pesar do constante apoio financeiro e loxístico da ONU, a situación socioeconómica en Cosova é sumamente complexa, constituíndo o territorio máis pobre de Europa, cun ingreso per cápita de aproximadamente US\$ 1.500 anuais, sen tecido industrial relevante, sumamente dependente da axuda internacional e cun escenario económico dominado polas mafias, o tráfico

ilícito de mercancías, armas e persoas e o narcotráfico. En determinadas rexións cosovares, o desemprego ascende ao 40% da poboación economicamente activa.

Cosova igualmente adoece dunha infraestrutura física acorde para o funcionamento viable dun Estado sólido e efectivo. Desde 2007, a administración interina da ONU tenta impulsar un proceso de descentralización política e administrativa que está abordando serios obstáculos en materia de capacitación profesional, transparencia administrativa e no impulso dun marco de convivencia acorde coas minorías nacionais existentes, especialmente a serbia. Por tanto, existen claroscuros sobre a pretensión da ONU por asentar unha “democracia multiétnica” aparentemente inviable.

A única esperanza de desenvolvemento económico para Cosova céntrase na minería, especialmente ante as importantes reservas de carbón, níquel, cinc e ouro. Pero esta perspectiva se dilúe ante a falta de solidez política do goberno, o clima de inestabilidade e o peso das mafias e do narcotráfico, aspectos que achegan a Cosova aos parámetros dun “Estado fracasado”, prexudicando igualmente a credibilidade de Washington e dos países que recoñecen o seu status independente.

Roberto Mansilla Blanco

é analista do IGADI

En 1991, o pobo de Karabaj (Artsaj) votou pola independencia mediante un referendo, levado a cabo en presenza de numerosos observadores internacionais. Proclamouse así a República de Nagorno Karabaj (RNK) que en 2011 cumprirá 20 anos.

Durante estes anos de existencia como Estado non recoñecido, a RNK desenvolveu con éxito as súas institucións estatais nos ámbitos militar, político, económico e social. A existencia marcadamente separada de Armenia e Nagorno Karabaj (NK) obriga aos líderes do Karabaj a pór en práctica o seu pleno recoñecemento a nivel internacional para asegurar os avances logrados na construción do Estado.

Neste sentido, a prolongación do *status quo* para NK é a peor das mellores opcións, xa que non deroga o feito mesmo da existencia separada da RNK. Polo contrario, para Acerbaixán, esta situación obrigada é a mellor das peores opcións, porque a pesar da separación da RNK, no plano internacional, non a recoñeceron outros Estados.

Un Estado de feito e democrático

Nun esforzo por convencer á comunidade internacional de que a RNK ten todos os atributos básicos dun Estado, as autoridades estatais da RNK prestan atención, en particular, á práctica da formación das institucións de goberno sobre a base de eleccións democráticas libres. En 2007, o entón presidente da RNK, Arkadi Ghukasián, deixou o seu cargo logo de dous períodos de mandato, mentres en 2004 un representante da oposición converteuse en alcalde da capital, Stepanakert. Os líderes da RNK constantemente sinalan que o nivel de democracia en Nagorno Karabaj é moito máis elevado ca en Acerbaixán.

A pesar das permanentes violacións do alto o fogo por parte de Acerbaixán, os armenios de Karabaj seguen construíndo pacificamente o seu Estado democrático, guiados por normas e estándares internacionais, o máis importante dos cales foi a celebración do referendo sobre a Constitución en 2006. Este referendo, así como a celebración de varias eleccións presidenciais, parlamentarias e municipais, foi recoñecido como democrático, libre e xusto por parte de diversos observadores internacionais, expertos e xornalistas.

En Artsaj funcionan dúcias de partidos políticos, medios de comunicación e institucións non gobernamentais. Do mesmo xeito, a economía de mercado e a lexislación nacional están en

consonancia coas normas internacionais, o cal certifica o status de Estado de feito por parte da RNK. En 2010, o PIB da RNK, de acordo con cálculos preliminares, constituíu ao redor duns US\$ 320 millóns, un 9% de incremento en comparación con 2009. En 2010, executouse o 101,3% dos ingresos propios do programa do orzamento do Estado. Todos os programas previstos foron cumpridos - o pago de salarios, pensións e beneficios, o custe de manter o sistema de goberno, o apoio a diversos sectores económicos, etc.

As estatísticas amosan que, a pesar da oposición activa das autoridades oficiais de Bakú, todos os anos nótase un crecente interese mundial por Artsaj. Segundo o Servizo Consular do Ministerio de Asuntos Exteriores da RNK, en 2010, Nagorno Karabaj foi visitada por preto de 8.000 cidadáns estranxeiros, un 30% máis que en 2009. Ademais dos cidadáns da Comunidade de Estados Independentes (CEI), visitárona figuras políticas e culturais, deportistas, empresarios e turistas da Unión Europea (UE), América, Asia, África, etc. Moitos estranxeiros visítana varias veces anualmente, aumentando o fluxo de viaxeiros e a ampliación xeográfica dos países de onde veñen estes visitantes estranxeiros.

As visitas á RNK por calquera representantes das autoridades de países estranxeiros, así como as visitas internacionais de representantes da RNK e as súas reunións con funcionarios no estranxeiro, provocan unha forte reacción das autoridades de Acerbaixán, incluídas as notas de protesta, declaración de persoas *non grata* aos que a visitaron, etc. Como resultado, a RNK demostra a súa subxectividade internacional, aumentando a tensión entre Acerbaixán e os Estados (a miúdo moi influentes) cuxos representantes visitaron Nagorno Karabaj.

Entre as negociacións e o retorno do conflito armado

Sábese que hoxe a posición da RNK no proceso de negociación está representada por parte da República de Armenia, na medida en que foi delegada pola propia RNK. Non obstante, todos os actores do proceso de paz, así como o sector público, interesados na solución pacífica do conflito acerbaixano-karabají, deben contar co feito de que a última palabra téñena o pobo e as autoridades da RNK.

Por suposto, en Artsaj comparten os temores de que a guerra podería renovarse en calquera momento, e que tería consecuencias devastadoras sen precedentes para toda a rexión. A tensión na liña da fronte é o resultado dunha política deliberada aplicada por Acerbaixán nos últimos anos. Nas condicións do aumento da súa retórica militar e do crecemento de ánimos militaristas en Acerbaixán, é incomprendible a posición suave dos mediadores e representantes de Estados estranxeiros que, desde facía tempo, tiñan que condenar decididamente ao presidente azerí Ilham Aliyev, instándolle a abandonar a política de ameazas e sentar á mesa de negociacións coa parte principal no conflito - a República de Nagorno Karabaj. As tácticas de pequenas concesións á parte agresiva só aumentan o apetito.

O arranxo do conflito só é posible se as partes poden pórse de acordo sobre os termos da súa solución, tendo en conta os intereses mutuos. Dentro das elites políticas e as sociedades de todas as partes en conflito existen puntos de vista diametralmente opostos sobre as vantaxes ou desvantaxes do arranxo, que se reflicte na loita política interna en Armenia, Acerbaixán e Nagorno Karabaj.

A situación actual esixe a rápida aplicación de medidas de confianza, de carácter tanto militar como civil. A comunidade internacional debe establecer relacións directas coa RNK. A integración da RNK nos procesos internacionais tal vez sexa a única ferramenta no arsenal da comunidade internacional para contrarrestar o corremento da situación cara unha nova guerra. A ignorancia da RNK pola comunidade internacional en beneficio de Acerbaixán só fortalece a confianza deste último en dispor do dereito a perpetrar unha nova agresión.

A comunidade internacional non debe repetir os erros cometidos na década de 1990, cando o recoñecemento do dereito á autodeterminación de Acerbaixán e a negación do mesmo dereito a Nagorno Karabaj por parte de Acerbaixán foron vistos como unha carta branca para aplicar unha agresión a gran escala contra aquel territorio, liquidando a vontade expresada polo seu pobo.

Nesta etapa só é realmente posible recoñecer un feito evidente: o conflito de Nagorno Karabaj, na forma en que existe na actualidade, non ten simplemente solución pacífica nin militar. Acerbaixán nunca recoñecerá a independencia de Nagorno Karabaj e Armenia nunca o entregará á xurisdición de Acerbaixán, por moito que discutan os expertos e os políticos no marco da CEI, da ONU ou en todas as demais organizacións internacionais e rexionais.

Aquí o problema non é tanto o enlace das posicións antagónicas de Bakú e Ereván en Transcaucasia senón dunha incompatibilidade completa dos principios mesmos do Dereito Internacional moderno, é dicir o recoñecemento da inviolabilidade das fronteiras do Estado (que en realidade son reincidentes) e o dereito de todas as nacións á autodeterminación. Os exemplos recentes de case independencia de Abxasia e Osetia do Sur, así como de Cosova, son unha confirmación elocuente do devandito.

A preocupación porque o simple paso do tempo beneficie a unha das partes, levou ás autoridades oficiais en Acerbaixán a tentar acelerar o proceso de Karabaj: o tempo pasa, cambian as xeracións, as perspectivas para o retorno de Karabaj a Acerbaixán son cada vez máis vagas, as promesas das autoridades non se cumpren.

Neste contexto, a retórica belicosa do poder só exacerba o sentido da perda irrevogable. Nagorno Karabaj pode non gañar outra guerra con Acerbaixán, pero ata tampouco perdería en caso de presentarse un resultado incerto deste conflito armado. Mentres, para Acerbaixán, calquera resultado das operacións militares, aparte de establecer o control sobre todo o territorio de Nagorno Karabaj, significará non só unha derrota militar, senón tamén política con consecuencias

nefastas para a clase gobernante do país, que xa está provocando o descontento popular e os ánimos de desquite dentro da sociedade azerí.

O papel dos actores externos

A participación de actores externos é un dos factores máis importantes na dinámica do conflito. Os seus intereses e, máis importante aínda, os resultados do seu arranxo determínanse polas súas ambicións estratéxicas tanto xeopolíticas como económicas. A posición dos países involucrados fórmase partindo do complexo de relacións mutuas coas partes no conflito e entre si no plano rexional e internacional. Deste xeito, pódese observar o cambio nas posicións dos países involucrados, causado pola dinámica dos procesos mundiais e rexionais.

O formato básico da intervención de forzas externas no conflito de Karabaj é o proceso de negociacións baixo a mediación de actores rexionais e internacionais influentes. Na actualidade, este proceso lévase a cabo exclusivamente no formato do Grupo de Minsk da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE). O conflito de Karabaj é o único conflito etnopolítico no espazo postsoviético, onde despois do cesamento do fogo, consérvanse sen axuda exterior unha estabilidade na liña da fronte e unha tregua relativa, sen continxentes de forzas pacificadoras de terceiros países e/ou organizacións internacionais.

Tendo en conta a posibilidade dun arranxo forzoso externo e a actividade pacificadora internacional, é necesario tomar en consideración a complexidade deste escenario debido ás diferentes posicións dos actores na política mundial sobre os procesos rexionais no Sur do Cáucaso e, simultaneamente, a escasa relevancia deste problema na escala mundial. Tamén cómpre ter en conta as dificultades técnicas da aplicación na zona de conflito dunha operación pacificadora para impor a paz. Hipoteticamente, en caso de comezar accións militares por unha das partes do conflito de Karabaj ou unha deterioración aguda da situación da poboación en devanditos territorios (catástrofe humanitaria), a realización dunha operación internacional pacífica é posible baixo os auspicios da ONU, OSCE, UE, OTAN ou Organización do Tratado de Seguridade Colectiva (OTSC).

Polo tanto, a posibilidade de impor unha solución externa ou a imposición da paz na zona do conflito de Karabaj é baixa. A comunidade internacional non intervéen en todos os conflitos que requiren solución. A intervención faise moito máis probable a través dunha presión política de potencias mundiais ou rexionais con intereses na zona de conflito e disposta a proporcionar tropas militares e dirixir as operacións. Ademais, a realización destas operacións depende da avaliación da realidade das posibles solucións aos conflitos a curto prazo.

Hoxe en día, a única posibilidade de normalizar a situación de Transnistria radica na actividade da UE e da Organización de Seguridade e Cooperación Europea (OSCE). Ata o momento, a acción da UE estaba dirixida principalmente á mellora da situación política e das condicións de vida en Moldavia, a fin de facer posible unha reintegración máis desexable para os habitantes de Transnistria.

Con todo, parece que a UE está disposta a implicarse máis directamente. É dicir, a necesidade de solucionar o problema de Transnistria foi un dos temas mencionados durante a visita a Berlín do presidente ruso Dmitri Medvedev o ano pasado. Iso pode significar que a UE considera esforzarse máis na resolución da controversia existente, emprendendo con este fin a presión política sobre os actores involucrados.

Pola súa banda, a OSCE ten na súa axenda para 2011 outra rolda de negociacións multilaterais entre Transnistria e Moldavia, coa participación de Rusia, Ucraína, a OSCE e igualmente como observadores á UE e EE.UU. As últimas experiencias non terminaron con éxito, pero unha maior dedicación por parte dos Estados europeos tal vez pode cambiar esta situación.

Katarzyna Araczevska

(Universidade de Lodz, Polonia) é analista colaboradora do IGADI

Viraxe nacionalista na República Turca do Norte de Chipre

A illa de Chipre viviu en 2010 dous acontecementos de gran relevancia: a primeira, as eleccións presidenciais na República Turca do Norte de Chipre (RTNC), celebradas o 19 de abril de 2010 e que deron a vitoria, cun 50,3% dos votos, ao líder nacionalista do Partido da Unidade Nacional (PUN), Derviş Eroğlu, derrotando ao ata entón presidente Mehmet Alı Talat, un dirixente moderado proclive ás negociacións con Nicosia avaliadas pola ONU para solucionar o estatuto da RTNC e da illa.

Este rebrote nacionalista na RTNC ensombreceu dalgún xeito o segundo gran acontecemento, a celebración do 50º aniversario da independencia da illa de Chipre, acaecido o pasado 16 de agosto de 2010, nun contexto de ausencia de reunificación. A pesar de considerar inicialmente a posibilidade de relanzar as negociacións con Chipre e a ONU, vixentes desde 2008, a vitoria de Eroğlu, defensor da secesión política definitiva da RTNC, pode sentenciar un proceso de negociación tan prolongado como frecuentemente paralizado, onde a UE practicamente delegou a súa participación na eficacia diplomática da ONU e na distensión nas relacións entre Grecia e Turquía como mecanismos de resolución dun problema que non ten visos de solución a curto prazo.

Baixo esta perspectiva, a ONU intensifica esforzos para reabrir a etapa de negociacións cun novo actor político na presidencia da RTNC. Velaí que o pasado 25 de xaneiro de 2011, en Xenebra, o secretario xeral da ONU, Ban Ki Moon, reuniu aos presidentes de Chipre, Demetris Christofias, e da RTNC, Dervis Eroğlu. Nos últimos dous meses, Christofias e Eroglu reuníronse directamente en catro ocasións, mentres os seus respectivos representantes diplomáticos e políticos fixérono en trece ocasións paralelas.

En decembro de 2010, o Consello de Seguridade da ONU emitiu un revelador informe sobre as negociacións para a reunificación de Chipre, sinalando que a pesar das reunións de Christofias e Eroğlu, as mesmas poderían verse sumidas no fracaso especialmente de cara ás eleccións parlamentarias na República de Chipre previstas para maio de 2011 e na RTNC en xuño próximo, de xeito que as respectivas posicións máis nacionalistas poderían beneficiarse politicamente.

Un aspecto esencial do bloqueo das actuais negociacións ten que ver coa cuestión dos dereitos de propiedade. O goberno de Chipre sostén que os cidadáns con propiedades no Norte da illa teñen dereito a que se lles restitúan, unha posición á que se opón as autoridades da RTNC e os turco-chipriotas, por considerar que porían en perigo a identidade turca nesta zona.

O peso da xeopolítica turca

Á vista das independencias de feito en Cosova, Abxasia e Osetia do Sur a partir de 2008, estímase que o goberno nacionalista de Eroğlu, a pesar de atender ás negociacións coa ONU e Christofias, incrementarán as demandas dunha maior atención internacional sobre o status da RTNC, un aspecto no que moi probablemente contaría cun apoio máis decidido por parte do único país que reconece á RTNC, a República de Turquía.

O comezo de 2011 trouxo novidades neste sentido. O secretario asistente de Estado para Asuntos Europeos e Euroasiáticos de EEUU, Phil Gordon, viaxou a Chipre para reunirse cos presidentes Christofias e Eroğlu, baixo os auspicios do conselleiro especial para Chipre do secretario xeral da ONU, Alexander Downer.

Pola súa banda, a mediados de xaneiro, Christofias reuniuse en Berlín coa chanceler alemá Ánxela Merkel, anunciando a súa intención de “abrir portas” con Turquía nas súas negociacións de admisión á Unión Europea, instando a cambio unha posición favorable por parte de Ankara en relación ao recoñecemento da República de Chipre, país membro da UE desde 2004, estipuladas no Protocolo de Ankara acordado con Bruxelas. Esta posición inclúe a apertura marítima e aérea turca para as embarcacións e avións grecochipriotas.

Ademais dos esforzos da ONU e os contactos entre Christofias e Eroğlu, probablemente o aspecto esencial que pode dirimir as claves do futuro da RTNC está relacionado coa orientación xeopolítica que está adoptando Turquía nos últimos anos, en especial ante as constantes paralizacións do seu proceso de admisión na UE e ante un marcado incremento da “turcofobia” en varios países europeos e nas súas respectivas sociedades, establecendo unha posición política cada vez máis contraria ao ingreso turco na UE.

Recentemente, a tradicional posición pro-occidental turca está experimentando unha variación xeopolítica sensible que pode fortalecer o peso dos elementos nacionalistas nese país, especialmente a través do seu poderoso estamento militar e de partidos políticos conservadores e ultranacionalistas de extrema dereita, dispostos a influír politicamente para preservar os dereitos soberanos da RTNC.

Precisamente, as paralizacións nas negociacións coa UE e o espallamento dun sentimento antiturco en Europa, influíron decididamente neste cambio de posición menos occidentalizada, por parte do goberno de Recep Tayyip Erdogan e do partido moderado islamita AKP, no poder desde 2002. Erdogan e a AKP manifestaran ao principio unha política proclive á negociación coa ONU, a UE e Chipre para dirimir o estatuto da RTNC.

Previo ás eleccións presidenciais de abril pasado na RTNC, Erdogan chegou a manifestar a súa contrariedade ante a posible vitoria de Eroğlu, asegurando que non desexaba un “rebrote na-

cionalista” no norte de Chipre e expresando publicamente o seu apoio ao ex presidente Alí Talat como interlocutor esencial para as negociacións con Chipre e a ONU. Non obstante, a vitoria de Eroğlu permitiu a Erdogan lanzar unha dura advertencia á UE, aducindo que a vitoria nacionalista na RTNC debeuse ao “fracaso político europeo” para lograr unha solución ao problema chipriota, aspecto que repercutiu no “cansazo” da poboación turco-chipriota cara a UE e a ONU.

A pesar da actual hexemonía política e electoral do AKP en Turquía, os delicados equilibrios e contrapesos políticos co poderoso estamento militar turco, celoso defensor da soberanía da RTNC, poderían persuadir a Erdogan a adoptar unha posición máis nacionalista e intransixente, paralizando as negociacións sobre o estatuto da RTNC. Igualmente, en diversos círculos políticos turcos dubidan de que Erdogan sexa politicamente capaz de moderar as reivindicacións nacionalistas do presidente turco-chipriota Eroğlu.

A separación como solución

Con estes antecedentes resulta sumamente difícil dirimir una solución negociada ao conflito chipriota. Se o presidente turco-chipriota Eroğlu finalmente logra asentir o seu modelo de “dous Estados independentes”, baseado nun modelo similar ao “divorcio de veludo” acaecido en 1993 co desmembramento da ex Checoslovaquia nas actuais República Checa e Eslovaquia, moi probablemente calquera iniciativa de solución negociada entre ambas partes estará condenada ao fracaso. Por citar exemplos, este modelo é abertamente rexeitado tanto polo ex presidente turco-chipriota Ali Talat así como polo seu homólogo greco-chipriota Christofias.

Principalmente, o problema segue a radicar nunha serie de aspectos relativos ás propiedades, a seguridade e a presenza de colonos en ambos territorios. Desde 2008, Alí Talat e Christofias avanzaron nas negociacións de reunificación baixo un modelo bizonal e bicomunal. Pero o temor turco-chipriota á solución dun “Estado único” reunificado incrementou as opcións nacionalistas que deron finalmente a vitoria a Eroğlu.

Precisamente, este rebrote nacionalista turco-chipriota pode agora prexudicar calquera iniciativa de solución, como sucedeu anteriormente coa negativa greco-chipriota a subscribir o denominado “Plan Annan” de 2004. Esta perspectiva repercutirá negativamente en calquera iniciativa de reunificación así como afondará as dificultades turcas de admisión á UE, obviamente obstaculizadas pola presión greco-chipriota e grega en Bruxelas.

En 2009, un ano antes das eleccións, Eroğlu propúxose consolidar a noción da RTNC como “*un Estado e unha nación universalmente aceptados*”. En marzo de 2010, un mes antes dos comicios que lle deron a vitoria presidencial, o propio Eroğlu deixou clara esta posición nunha entrevista ao diario turco Aksam: “*Vai ser difícil atopar unha solución*”.

A sensación de illamento internacional, incompreensión e presión exterior que aducen a comunidade turco-chipriota e as autoridades da RTNC non só solidificaron o apoio político e electoral a Eroğlu senón que incrementou esa sensación de fracaso de calquera iniciativa de negociación. O propio ex presidente Alí Talat certificou que *“na miña opinión, este proceso se dará por finalizado”*.

Tampouco parece clara a situación política na República de Chipre, onde o presidente Christofias anunciou que non se presentará á reelección en 2013 mentres o seu goberno vese politicamente illado, trala retirada de apoio político por parte dos socialistas en febreiro de 2010, por considerar que facía *“demasiadas concesións”* nas negociacións con Alí Talat e os turco-chipriotas. Esta ruptura política pode afectar o resultado electoral do actualmente gobernante Partido Progresista do Pobo Obreiro (AKEL), de Christofias, de cara ás eleccións parlamentarias do próximo 22 de maio.

A pesar da apertura dunha nova rolda de negociacións, poucas perspectivas permiten observar a curto e medio prazo unha solución de consenso para a reunificación chipriota, dando paso ao escenario mais factible dunha división política e territorial definitiva, tal e como prognosticou en novembro pasado o ex ministro de Exteriores británico, Jack Straw.

Negociacións aparte, o escenario actual anuncia practicamente como un *fait accompli* a posibilidade dunha separación definitiva por parte da República Turca do Norte de Chipre, unha medida que podería solucionar esta anacrónica realidade.

Roberto Mansilla Blanco
é analista do IGADI.

Somalilandia: a necesaria estabilidade política

A pesar de non contar co recoñecemento internacional oficial de ningún outro Estado, a República de Somalilandia constitúe, a día de hoxe, un Estado de feito cun relativo nivel de estabilidade e en continuo progreso. O ano 2010 significou un paso máis na súa consolidación estatal, se ben desde 2009 non puido celebrar as eleccións presidenciais previstas, en principio, para abril de 2008.

As desavinzas respecto ao rexistro de votantes entre os partidos políticos, fortemente influídos polos distintos clans, e a violencia nas áreas en disputa con Puntlandia (Sanaag, Cayn e Sool) suspenderon os comicios en varias ocasións, e novos incidentes xurdiron en setembro de 2009, cando houbo queixas de irregularidades electorais. Como consecuencia, as eleccións pospuxéronse unha vez máis.

O ano 2010 presentábase co desafío dunha posible disputa política que podería deter o tránsito de Somalilandia cara a democracia. Con todo, os tres partidos políticos lograron chegar a un acordo para superar a crise e, finalmente, fixouse o 26 de xuño do 2010 como xornada electoral, coincidindo coa data do 50º aniversario da independencia de Somalilandia do Reino Unido. Por outra banda, o ano empezou con violencia, cun ataque perpetrado na cidade de As Anod, na rexión do Sool, e con algúns incidentes en Hargeisa. A consecuencia, o goberno de Somalilandia priorizou aínda máis a seguridade nacional, un argumento que incrementou a súa importancia na medida en que se aproximaban os comicios. Igualmente, a sociedade civil de Somalilandia esixiu que as eleccións puideran desenvolverse nun entorno pacífico.

Nas eleccións participaron observadores internacionais coordinados por tres asociacións británicas (Progressio, Development Planning Unit da University College London e Somaliland Focus), os cales máis tarde considerarían que tiveran un transcurso exitoso e satisfactorio. A votación xulgouse como unha expresión pacífica da vontade popular, pero houbo preocupación polas irregularidades rexistradas nalgunhas rexións, en especial en Sanaag e Sool. De feito, a pesar das medidas extraordinarias de seguridade, producíronse incidentes violentos nestas áreas máis inestables e, entre outros sucesos, un observador internacional foi asasinado. Ademais, al-Shabab, o principal grupo armado ao que se enfronta o goberno de Somalia e que Occidente vinculou coa Al Qaeda, opúxose aos comicios e intentou atemorizar á poboación para que non acudise ás urnas.

O 1 de xullo, a Comisión Electoral Nacional anunciou de xeito oficial que Ahmed Mohamud Silanyo, do partido na oposición Kulmiye, gañara ao entón presidente Dahir Rayale Kahin (UDUB),

quen aceptou os resultados e consentiu que o presidente electo tomase posesión do cargo. O terceiro candidato, representante do UCID, foi Faisal Ali Warabe, quen obtivo o menor número de votos. Durante a súa carreira cara á presidencia, Silanyo visitou Washington e a capital etíope Adis Abeba, mantendo igualmente conversas con diplomáticos británicos.

Silanyo formulou como obxectivos principais conseguir o recoñecemento internacional, loitar contra a corrupción e acabar coa violencia dos grupos rebeldes que se enfrontan ás tropas gobernamentais e que provocan desprazamentos da poboación. Polo que respecta á loita contra a violencia, en 2010 confirmouse a ameaza dun novo grupo armado chamado SSC, polas iniciais de Sool, Sanaag e Cayn.

Precisamente, os actos violentos levaron a que a finais de 2010, os gobernos de Somalilandia e Puntlandia cooperaran en temas de seguridade. A ameaza de al-Shabab e de calquera outra posible insurxencia provocou este achegamento, do mesmo xeito que levou a Washington a cualificar a utilidade destas rexións para impedir a propagación do radicalismo. Por tanto, EEUU amosou o seu interese en cooperar con Somalilandia, pero sen recoñecela en ningún caso como Estado soberano.

Paralelamente, o énfase na seguridade provocou que se estableceran máis vínculos con Etiopía. Somalilandia colaborou na loita contra a Fronte de Liberación Nacional de Ogaden (FLNO), un grupo rebelde que reclama a autodeterminación dos somalís localizados ao Leste de Etiopía. Desde o comezo do seu mandato, o novo presidente Silanyo reafirmou o desexo de manter relacións normalizadas co seu país veciño. Así mesmo, antes do relevo presidencial, o anterior mandatario Rayale Kahin recibiu a visita de autoridades de Kuwait e Rusia, así como de representantes de diversas axencias das Nacións Unidas, por exemplo, do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD). O seu goberno tamén contactou con Francia, Iemen e Reino Unido, na maioría dos casos por asuntos de seguridade.

O desenvolvemento tamén foi un tema clave nas relacións internacionais de Somalilandia, pero os esforzos neste aspecto non deron os froitos necesarios. A situación económica de Somalilandia en 2010 recoñécese como próspera na súa condición de país en desenvolvemento. Hai algúns signos que o evidencian, como a mellora das infraestruturas de transporte. Aínda así, a falta de recoñecemento internacional segue impedindo un maior crecemento e desenvolvemento. Somalilandia non recibe axuda internacional directa que lle serviría, por exemplo, para encarar as consecuencias dos problemas ecolóxicos (as rexións do Leste atópanse moi afectadas polas secas). Así mesmo, o investimento estranxeiro non chega á zona, porque tan só é recoñecida como unha rexión autónoma de Somalia, porque é altamente insegura e porque as súas institucións financeiras non contan con suficiente confianza por parte dos investidores estranxeiros.

Ademais da corrupción, son preocupantes os altos niveis de pobreza. Os proxectos nacionais e internacionais orientados a mellorar o sistema educativo fallan ao non existir un mercado onde

os mozos poidan aplicar os seus coñecementos, polo que a emigración é moi habitual. As conversas con membros das Nacións Unidas e de axencias internacionais para o desenvolvemento sempre inclúen a creación de emprego.

Somalilandia enfróntase a 2011 cun goberno relativamente novo que seguirá buscando o recoñecemento que aínda lle nega a comunidade internacional e que deberá lidar con varios focos de violencia e con altos niveis de pobreza. Os temas de seguridade e terrorismo ofrecen un elo de unión coas potencias occidentais e con algúns dos seus veciños, pero o desafío tamén afecta ás súas estruturas internas. Somalilandia debe demostrar que as súas institucións políticas poden superar situacións difíciles.

Neste sentido, as críticas sobre as carencias democráticas manifestadas nalgunhas accións dos seus gobernantes á hora de fixar unhas novas eleccións entre 2008 e 2010 e as desavinzas entre as institucións estatais e os diversos clans non facilitan a consecución de recoñecementos internacionais nin a estabilidade e desenvolvemento económico deste Estado de feito. Por tanto, as dúbidas sobre a súa viabilidade continúan, á espera de que a democracia bote sólidas raíces.

María Ángela Tous Sansó

é licenciada en Xornalismo pola Universitat Autònoma de Barcelona (2005-2009), con Master en Relacións Internacionais no Institut Barcelona d'Estudis Internacionals, IBEI (2010). Posúe tamén un itinerario específico de Paz e Seguridade Internacional

Desde o inicio do seu mandato, o presidente taiwanés Ma Ying-jeou presentou como asuntos inseparables o futuro económico da illa e a aproximación ao continente. Esa asociación viuse reforzada pola virulencia da crise global, que tivo un forte impacto en Taiwan (en 2009 a economía contraeuse un 1,4% e un 2% en 2008). O ano 2010, pola contra, terminou cun crecemento do 10,82% e cun prognóstico do 4,24% para 2011 (segundo estimacións do Instituto de Investigacións Económicas de Taiwan), cunha taxa de desemprego inferior ao 5%. A ninguén escapa que a mellora xeral dos índices macroeconómicos garda unha estreita relación coa incentivación dos intercambios con China continental, redundando nunha maior estabilidade a todos os niveis, tamén política.

A mellora das relacións con Beijing operouse en dous tempos. A normalización das comunicacións directas a través do Estreito (2008) marcou un fito histórico que puxo fin nun airiño a décadas de confrontación e incomunicación. Por outra banda, a firma do Acordo Marco de Cooperación Económica (ECFA, siglas en inglés), en xuño de 2010, definiu os contornos principais das relacións comerciais bilaterais, cada vez máis reforzadas tanto nos fluxos como na vertebración de alianzas interempresariais e financeiras ou no plano propiamente institucional (coa creación dun Comité para a Cooperación Económica). Na axenda agarda un terceiro tempo xa programado que, ademais de profundar nos 15 acordos asinados, abrirase á cooperación na orde cultural. Para rematar, os temas políticos e en materia de seguridade pecharán unhas negociacións que se aventuran a cada paso máis dificultosas, a medida que se aproximen aos intereses que ambas as partes consideran vitais. Completar devandita axenda suxire un longo período de diálogo e non poucas tensións, como o demostran as reservas expresadas por ambas as partes para asinar o acordo relativo á protección dos investimentos.

No entanto, para o KMT, a actual política, baseada no acordo establecido co Partido Comunista de China (PCCh) en 2005, non ten volta atrás. A normalización das relacións con Beijing é un requisito indispensable para evitar a marxinação de Taiwan dos procesos de integración en curso na rexión, di o KMT. En xaneiro de 2011, Taipei iniciou negociacións con Singapur para alcanzar un tratado de libre comercio, unha fórmula que pretende ampliar a outros socios económicos principais. Ese exercicio diplomático, aínda que centrado no económico, ten repercusións tamén noutras ordes, como puidemos constatar recentemente, por exemplo, co anuncio da concesión de exención de visados decidida pola UE e que entra en vigor en xaneiro (sumando así un total de 96 países que outorgan tal privilexio á illa a pesar da inexistencia de relacións diplomáticas na maioría dos casos).

O diálogo bilateral simplificou as relacións e permitiu alcanzar resultados tanxibles en numerosas áreas (desde a industria petroquímica á electrónica, o comercio ou o turismo), transformando de forma substancial as súas relacións a unha gran velocidade, sen prexuízo de recoñecer que dito proceso non salvou, polo momento, as reticencias de boa parte da sociedade taiwanesa a aceptar sen máis a unificación co continente (do mesmo xeito que, maioritariamente, rexeitan a opción independentista).

A tesitura do PDP

O principal partido da oposición rexeitou o ECFA, distanciándose do proceso de diálogo instrumentado polo KMT e o PCCh, tanto directamente como a través das entidades paraoficiais creadas a cada lado do Estreito para conducir as relacións bilaterais (a continental Asociación para as Relacións a través do Estreito e a insular Fundación para os Intercambios a través do Estreito), resaltando os enormes riscos que entraña o reforzamento da dependencia económica de Beijing para a supervivencia política de Taipei así como a debilidade negociadora oficial.

Para o PDP, o KMT conduce o proceso cunha actitude caracterizada polo timoratismo e a submisión, desprotexendo os intereses esenciais dos máis de 23 millóns de taiwaneses. Fronte a esa actitude, plenamente coherente coa súa traxectoria soberanista tradicional, por mor das eleccións municipais do 27 de novembro de 2010, o PDP sorprendeu co anuncio dun xiro na súa política cara ao continente. A creación da New Frontier Foundation achega sinais de cambio que suxiren unha progresiva mutación naquelas posicións de principio e nas actitudes do PDP fronte a Beijing, aínda que non poucos interpretan este xiro en clave exclusivamente electoral. Sexa como for, a decisión terá consecuencias e alcance, explicitando, en paralelo, un recoñecemento claro da imposibilidade de resistirse ante o novo escenario so pena de acrecentar unha progresiva marxinalidade.

Complementariamente, tamén parecen abrirse camiño outras propostas de diálogo a instancias do disidente chinés Wang Dan, un dos líderes do movemento estudantil de 1989 e actualmente profesor en Taiwan, e do antigo deputado do PDP, Luo Wen-chia, con vistas a promover o desenvolvemento democrático a ambos os dous lados, insistindo no rol das respectivas sociedades civís.

Fecundará suficientemente a nova política do PDP cara ao continente para alargar a súa base social atraendo o electorado centrista? A día de hoxe non parece fácil, polo menos en escala suficiente, tendo en conta que dito proceso presenta unha evolución incerta na que o PDP debe conducirse con enxeño e prudencia para non resentirse internamente en primeiro lugar, e para definir en mellor medida o perfil da renovada identidade do seu proxecto político nun asunto de tal calibre.

No entanto, o cambio anunciado pode pechar tras de si toda unha etapa da vida política taiwanesa máis recente, caracterizada polo enfrontamento entre “azuis” e “verdes”, entre partidarios e contrarios á unificación, abrindo espazos para alcanzar consensos nesta materia, tanto entre o KMT e o PDP, como tamén entre o PDP e o PCCh, a pesar das enormes dificultades que puidesen albiscarse actualmente respecto de tal escenario. Con motivo do Día Internacional dos Dereitos Humanos, o PDP reclamaba ao Goberno a inclusión dunha “cláusula de dereitos humanos” nos acordos a rubricar co continente, esixindo un maior apoio aos disidentes chineses, demandas que, a recado, non serán ben recibidas en Zhonanghai.

Este cambio de orientación do PDP terá consecuencias tamén para o KMT, facendo máis difícil a súa xestión política. É verdade que, a priori, supón un recoñecemento do seu acerto á hora de dialogar co continente, pero, dunha parte, ese diálogo podería resultar moito máis cómodo nun escenario no cal a oposición rexeitaba toda posible implicación, e, por outra, deberá fiar máis fino aínda a partir de agora para demostrar á cidadanía que as súas capacidades e eficiencia negociadoras son superiores ás que poida exhibir o PDP, unha forza á que o PCCh podería estar disposto a seducir con máis concesións do esperado para atraerlle ao seu campo de xogo, a condición de que renegue da independencia.

O novo triángulo que se debuxa (PCCh-KMT-PDP) nas relacións a través do Estreito, engade o valor político substancial do consenso como sinal dunha nova fase que parece deixar atrás a estratexia de confrontación que ata agora condicionara o devir da oposición.

En resumidas contas, só cinco anos logo de iniciada a “terceira cooperación”, Beijing logra impor de novo a forza da súa lóxica e outea agora, con este xiro do PDP, un posible tempo de maior estabilidade nas relacións a través do Estreito, que deberá acompañar con mostras de flexibilidade proporcionais (quizais ata con anuncios unilaterais de medidas en materia de seguridade como a retirada dos mísiles que apuntan á illa). Un maior pragmatismo no principal partido da oposición, que debería axudar a fortalecer, é condición indispensable para que ambas as partes poidan abordar as cuestións máis sensibles, relacionadas coa soberanía, a construción da confianza ou o acordo de paz. Son temas que non pode resolver en solitario o KMT e cuxo tratamento debe abrir unha nova fase do proceso iniciado en 2005.

Ma logrou tamén mellorar as relacións de Taiwan con EEUU, danadas durante o mandato de Chen Sui-bian, reafirmando, á vez, o valor do diálogo a través do Estreito e a actualización da promesa de Wáshington de satisfacer as necesidades de defensa de Taiwan, compromiso reafirmado por James Steinberg, subsecretario de Estado, o pasado decembro.

Tras a participación como observador na Organización Mundial da Saúde, Taipei ambiciona integrarse na Organización da Aviación Civil Internacional e na Convención-Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, como próximos retos. En ambos os casos, o beneplácito de Beijing é indispensable, do mesmo xeito que para facilitar a participación de expertos taiwaneses en

organismos internacionais como o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional ou a OCDE, entre outros. Non debésemos pasar por alto que Taiwan é a vixésimo quinta maior economía do mundo, a décimo oitava economía exportadora e o cuarto posuidor de reservas de divisas estranxeiras do mundo.

Conclusión

Partindo da inicial e compartida inamovibilidade do statu quo, en pouco tempo, a sintonía que parece existir entre o liderado político-institucional de ambos os lados e o xiro auspiciado polo PDP podería facer que o debate deixase de virar ao redor da independencia ou non de Taiwan, substituíndose polo de quen pode merecer máis a confianza cívica maioritaria para negociar os mellores termos dunha hipotética unificación con China continental.

A “aproximación activa” que promove o KMT e o rexurdir da ideoloxía sinocentrista cunha retórica claramente pro-chinesa no liderado da illa ten igualmente como reto a súa confrontación cunha sociedade na que creceron de forma exponencial os sentimentos de pertenza propiamente taiwanesa, unha tendencia de fondo que o KMT precisa conter e reorientar para seguir contando cun apoio socio-electoral relevante.

Xulio Ríos

é director do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional)

e do Observatorio de la Política China.

Autor de “Taiwán, el problema de China” (La Catarata, 2005).

FICHAS - PAIS

ABXASIA



Nome oficial: República de Abxasia (Арһсны–Аҧсны en abjasio; Арҭҭәытәи – аҧсәыҭәо in xeorxiano; Abjazia – Абхазия en ruso)

Capital: Sujumi

Superficie: 8.600 km². Está localizada na rexión do Cáucaso, limitando con Rusia ao Norte, o Mar Negro ao Oeste e Xeorxia ao Sur e Leste.

Poboación: 215.972 habitantes (2003)

Declaración da Independencia: 23 de xullo de 1992 (de Xeorxia). Tras esta declaración xurdiron enfrontamentos entre as tropas xeorxianas e grupos paramilitares abxasios, estes últimos con apoio ruso. Un alto ao fogo en 1994 deu paso a un período prolongado de relativa estabilidade. Abxasia practicamente transitou dende entón como un Estado *de feito*, con apoio de Moscova. A partir de 2006, o presidente xeorxiano Mikhaíl Saakahsvilii decidiu retomar o control

estatal de Abxasia, con diversas tensións que deron paso en agosto de 2008 a unha breve guerra entre Rusia e Xeorxia, que permitiu a secesión territorial de facto de Abxasia e Osetia do Sur do control xeorxiano. O 26 de agosto, Rusia converteuse no primeiro país en recoñecer a independencia abxasia, reclamando a súa inclusión na ONU.

Países ou territorios que recoñecen a súa independencia: Rusia, Venezuela, Nicaragua e Nauru (Micronesia), recoñeceron a independencia abxasia entre agosto e setembro de 2008. Outras repúblicas *de feito* como Osetia do Sur e Transnistria tamén a recoñeceron.

Forma de Estado ou sistema político: República semipresidencialista.

Presidente: Sergei Bagapsh (desde 2005)

Disputas e conflitos internacionais: Estado secesionista da República de Xeorxia, non recoñecido pola ONU, EEUU, a Unión Europea nin a OTAN.

Linguas: Abxasio e ruso. O xeorxiano está prohibido.

Configuración étnica: Abxasios (43,8%); Xeorxianos (19,3%); Rusos (10,8%); Armenios (20,8%); Outros 3,4%)

Relixións: Cristiáns ortodoxos (igrexas orientais e armenia); musulmáns sunnitas; evanxélicos (Testemuñas de Xehová)

Economía: Segundo datos do PNUD (2004), o desemprego alcanza case o 90% da poboación, mentres a economía abxasia caeu entre 80-90% dende a súa declaración de independencia (1992). A moeda utilizada é o rubro ruso, así como o dólar estadounidense. O lari xeorxiano está prohibido.

Principais recursos: Agricultura (cítricos, tabaco, té), industria madeireira, envasados, gandería.

Forzas armadas e gasto en defensa: Creadas en 1992, as Forzas de Autodefensa de Abxasia son principalmente unidades de exército de terra, con algunhas unidades de mar e aire, con base en Sujumi, Ochamchira e Pitsunda. Estímase que existen uns 5.000 efectivos militares que poden alcanzar os 50.000 incluíndo aos reservistas. Desde febreiro de 2010 existe unha base militar rusa en Abxasia, cun período de acordo de 49 anos, mentres Rusia despregou nese territorio o seu sistema de defensa aérea S-300. Moscova mantén 1.600 efectivos militares en territorio abxasio e a súa mariña patrulla polo espazo marítimo abxasio no Mar Negro. Considérase que un 35% do orzamento abxasio vai destinado a gasto en defensa.

Dominio web: www.abkhazigov.org/en/ (en inglés, con tradución ao español).

COSOVA



Nome oficial: República de Cosova (*Kosova* o *Kosovë* en **albanés**; Косово o Косово и Метохија, *Kosovo* o *Kosovo i Metohija* en **serbio**)

Capital: Prístina

Superficie: 10.887 km². Localizada na península balcánica, foi Rexión Autónoma de Serbia, limita ao sur con Macedonia, ao Oeste con Albania, e ao norte con Montenegro e Serbia.

Poboación: 1.804.838 habitantes (estimacións 2009)

Declaración de Independencia: 17 de febreiro de 2008 (de Serbia). Non recoñecida pola ONU, mais si por 22 dos 27 países membros da Unión Europea, así como por EEUU.

Países ou territorios que recoñecen a independencia de Cosova: 75 países membros da ONU: Afganistán, Albania, Alemaña, Arabia Saudita, Australia, Austria, Bahrein, Bélxi-

ca, Belice, Bulgaria, Burkina Faso, Canadá, Colombia, Illas Comores, Corea do Sur, Costa Rica, Croacia, Dinamarca, Emiratos Árabes Unidos, Eslovenia, Estados Unidos, Estonia, Finlandia, Francia, Gambia, Guiné Bissau, Honduras, Hungría, Irlanda, Islandia, Illas Marshall, Italia, Xapón, Xordania, Kiribati, Letonia, Liberia, Lituania, Liechtenstein, Luxemburgo, Malaisia, Illas Maldivas, Malta, República de Macedonia, Malawi, Mauritania, Estados Federados de Micronesia, Mónaco, Montenegro, Nauru, Noruega, Nova Zelandia, Países Baixos, Palaos, Perú, Panamá, Polonia, Qatar, Portugal, República Checa, República Dominicana, Reino Unido, Samoa, San Marino, Senegal, Serra Leona, Somalia, Suazilandia, Suecia, Suíza, Turquía, Tuvalu, Vanuatu e Djibuti. O único caso particular é a República de Taiwán, non membro da ONU que si declarou recoñecer a Cosova.

Un total de 37 países non recoñecen oficialmente a súa independencia: Angola, Alxeria, Arxentina, Acerbaixán, Armenia, Bielorrusia, Brasil, Bolivia, Bosnia e Hercegovina, Chile, a República Popular de China, Cuba, a República de Chipre, Eslovaquia, Exipto, España, Grecia, Xeorxia, Indonesia, Irán, India, Kazajstán, Kirguistán, Laos, Libia, Moldavia, Romanía, Malí, Rusia, Serbia, Singapur, Sri Lanka, Sudán, Tadxikistán, Venezuela, Uruguai e Vietnam.

Forma de Estado ou sistema político: República parlamentaria, baixo mandato interino da ONU.

Presidente: O primeiro ministro é Hashim Thaçi. O presidente interino da ONU é Jakup Krasniqi.

Disputas e conflitos internacionais: Con status autonómico desde 1974 outorgado pola extinta República Socialista de Iugoslavia, os choques interétnicos a partir de 1989 e, principalmente, as guerras balcánicas entre 1991 e 1995 certificaron as tensións entre serbios e albanos-cosovares. Entre marzo e xuño de 1999, e sen aprobación do Consello de Seguridade da ONU, a OTAN iniciou unha guerra contra a ex Iugoslavia, aducindo como razón principal a necesidade de evitar unha limpeza étnica en Cosova, similar á ocorrida anos antes en Bosnia-Hercegovina. Tras desalojar ás autoridades serbias, creouse a Misión de Administración Provisional da ONU en Cosova (MINUK polas súas siglas en inglés), mentres o Exército de Liberación de Cosova (UCK) comezaba a organizar a vida política. Actualmente, Serbia non recoñece a independencia de Cosova, considerándoa unha “rexión autónoma propia”.

Linguas: Albanés, serbio, macedonio, montenegrino.

Configuración étnica: Albaneses (88%); serbios (8%); outros (goranis, turcos, macedonios, rómanos, 4%)

Relixións: Musulmáns sunnitas (92%); cristián ortodoxos (7%); católicos (1%)

Economía: Cosova é unha das rexións máis pobres de Europa. O desemprego estímase en 40-50%, mentres que o seu PIB per cápita calcúlase en aproximadamente US\$ 1.500 (2006). O país é altamente dependente das remesas de emigrantes e da axuda internacional. Apréciase unha forte presenza de mafias e do crime organizado, a través do contrabando, prostitución, tráfico humano, narcotráfico, branqueo de diñeiro e evasión fiscal. Desde 2002, a moeda oficial é o Euro.

Principais recursos: Basicamente rural, a economía cosovar está moi influída pola economía informal produto do contrabando.

Forzas armadas e gasto en defensa: Tralo fin da guerra en 1999, a OTAN despregou a súa Forza en Cosova (KFOR) mentres a ONU instaurou a súa Misión de Administración Provisional (MINUK), de conformidade coa resolución 1.244 do Consello de Seguridade. En 2010, a KFOR reduciu a 5.000 os seus efectivos militares en Cosova. As forzas armadas cosovares conforman un remanente do antigo Exército de Liberación de Cosova (UCK pola súas siglas en albanocosovar), que foi desmilitarizado nos últimos anos a raíz dos seus acordos coa KFOR e a MINUK.

Dominio web: UN/MINUK: <http://www.unmikonline.org/>

NAGÓRNI KARABÁJ



Nome oficial: República de Nagórni Karabáj ou *Alto Karabáj* (en **azerí:** *Dağlıq Qarabağ*; en **armenio:** Լեռնային Ղարաբաղ *Lernain Garabaj*; en **ruso:** *Нагорный Карабах*)

Capital: Stepanakert.

Superficie: Aproximadamente, 4.400 km². Localizada na rexión de Transcaucasia, no Cáucaso Sur, é un enclave dentro do territorio da República de Acerbaixán.

Poboación: Aproximadamente 130.000 persoas.

Declaración de Independencia: Trala independencia da República de Acerbaixán da ex URSS acaecida o 30 de agosto de 1991, o 2 de setembro dese ano seguiu a Alto Karabáj, acolléndose á lexislación soviética que permitía a autodeterminación dos pobos. O 10 de decembro de 1991 celebrouse un referendo independentista por parte da poboación armenia do Alto Karabáj, aprobado polo 99,3% da súa poboación, sendo boicoteado polas autoridades da aínda vixente

República Socialista Soviética de Acerbaixán. Moscova tentou sen éxito considerala como unha “rexión autónoma”, sendo rexeitada por Armenia, Acerbaixán e os representantes de Nagórni Karabáj. O 6 de xaneiro de 1992, foi proclamada en Stepanakert a República de Nagórni Karabáj.

Países ou territorios que recoñecen a independencia de Nagórni Karabáj: Actualmente, non ten recoñecemento oficial por parte de ningún Estado, tan só pola autoproclamada independente *de feito* República Pridnestrovia de Transnistria. Non obstante, Nagórni Karabáj conta con apoio político e militar por parte da República de Armenia.

Disputas e conflitos internacionais: Entre 1987 e 1993 rexistrouse un conflito armado entre milicias das entón Repúblicas Socialistas Soviéticas de Armenia e Acerbaixán, así como do Alto Karabáj, con saldo aproximado de 20.000 mortos. O cese ao fogo de 1994 non resolveu a cuestión, quedando Nagórni Karabáj só apoiado pola República de Armenia, sen recoñecemento oficial da súa independencia *de feito* por parte de Acerbaixán.

Forma de Estado ou sistema político: República parlamentaria.

Presidente: Bako Sahakyan (desde 2007)

Linguas: armenio, azerí, ruso.

Configuración étnica: armenios (80%), azerís, rusos.

Relixións: Cristiáns ortodoxos armenios: musulmáns sunnitas.

Forzas armadas e gasto en defensa: O Exército da Defensa de Nagorni Karabaj foi oficialmente establecido en maio de 1992, e conta dende entón con aproximadamente 15.000-20.000 efectivos militares terrestres, segundo diversas estimacións. Armenia proporciona un total apoio militar e loxístico e considera como propia calquera agresión exterior contra o Karabaj. Non existen datos fidedignos sobre o estado real e o gasto militar en Nagorni Karabaj, que non forma parte do Tratado de Forzas Armadas Convencionais de Europa.

Dominio web oficial: <http://www.karabakh.net/> (actualmente fora de servizo)

OSETIA DO SUR



Nome oficial: República de Osetia do Sur (en osetio: Республикæ Хуссар Ирыстон, *Respublikæ Xussar Iryston*; en ruso: Республика Южная Осетия, *Respublika Yuzhnaya Osetiya*; en xeorxiano: სამხრეთ ოსეთი, *Samjreti Oseti*).

Capital: Tsjinval (aproximadamente 30.000 habitantes)

Superficie: 3.900 km². Situada no Cáucaso Sur, entre os territorios de Xeorxia e Rusia.

Poboación: Aproximadamente, 80.000 habitantes (2010). A súa densidade demográfica é de 21 hab/km².

Declaración de Independencia: 20 de setembro de 1990 (de Xeorxia). O Congreso dos Deputados da República Autónoma de Osetia do Sur declararon a súa independencia, pero o Parlamento xeorxiano aboliu a súa autonomía en decembro de 1990. Estala así un conflito armado entre milicias osetias e o goberno central de Tbilisi, que deixou case 2.000 mortos e 4.000 exiliados. O 19 de xaneiro de 1992, a maioría dos habitantes de Osetia do Sur votaron a favor da súa anexión a Rusia, o cal renovou os enfrontamentos armados con Xeorxia, ata o asinamento dun armisticio

en xullo de 1992, que contemplou o despregue de forzas de paz. En 1996 e 2001, baixo a protesta xeorxiana, celebráronse eleccións presidenciais en Osetia do Sur e tras un referendo celebrado o 12 de novembro de 2006, non recoñecido por Tbilisi, decretouse a independencia de Osetia do Sur de Xeorxia e a súa unión a Rusia e á república autónoma federativa de Osetia do Norte. Neste marco de tensións secesionistas, a breve guerra do 7-8 de agosto de 2008 entre as forzas armadas xeorxianas e as forzas de paz rusas en Osetia do Sur, con saldo final aproximado de 1.500 mortos, deu paso a unha breve ofensiva rusa en territorio xeorxiano e á materialización da separación territorial de Osetia do Sur e Abxasia, que foron posteriormente recoñecidas como Estados independentes a finais de agosto de 2008 polo Parlamento ruso.

Países ou territorios que recoñecen a independencia de Osetia do Sur: Rusia, Venezuela, Nicaragua e Nauru (Micronesia), recoñeceron a súa independencia entre agosto e setembro de 2008. As repúblicas *de feito* de Abxasia e Transnistria tamén recoñecen a independencia de Osetia do Sur.

Forma de Estado ou sistema político: República presidencialista.

Presidente: Eduard Kokoity (desde decembro de 2001).

Disputas e conflitos internacionais: Con Xeorxia, que non recoñece a independencia de feito de Osetia do Sur.

Linguas: osetio, ruso, xeorxiano.

Configuración étnica: Antes da guerra de 2008, aproximadamente habitaban un 65% de osetios e un 25% de xeorxianos, así como outras comunidades minoritarias de rusos.

Relixións: Cristiáns ortodoxos (igrexas orientais e armenia); musulmáns sunitas.

Economía: Cun PIB per cápita de aproximadamente US\$ 250, a economía de Osetia do Sur é marcadamente dependente de Rusia, país que lle transfere un orzamento de US\$ 30 millóns anuais, e permite a utilización da súa moeda, o rubro ruso. Os residentes osetios contan igualmente con pasaportes rusos. Moscova tamén posúe importantes intereses enerxéticos nesa zona, con investimentos en gasodutos a través da empresa estatal rusa Gazprom, valorados en US\$ 640 millóns. O contrabando é unha actividade igualmente importante para a economía osetia.

Forzas armadas e gasto en defensa: Non existen datos concretos sobre os efectivos militares en Osetia do Sur. Non obstante, en abril de 2010, os ministros de Defensa de Rusia e Osetia do Sur, Anatoli Serdiukov e Yuri Tanáev, respectivamente, asinaron un acordo para despregar unha base militar rusa en territorio osetio cunha previsión de 49 anos, prorrogable cada 15 anos, similar ao anteriormente suscrito por Moscova con Abxasia.

PALESTINA



Nome oficial: Autoridade Nacional Palestina de Cisjordania e Franxa de Gaza (ANP), entidade politicamente controlada polo partido laico Al Fatah, fundado en 1964 por Yasir Arafat, dentro da Organización para a Liberación de Palestina (OLP).

O nome histórico de Palestina é: en **árabe** *Filistin* ou *Filastin* (فلسطين); en **hebreo** *Palestina* (הַיְתִשְׁלַף) ou *Eretz Israel* (אֶרֶץ יִשְׂרָאֵל). Desde os Acordos de Paz de Olso (1993), a ANP constitúe *de facto* a única referencia como entidade administrativa que denota un goberno para a poboación palestina de Cisjordania e Gaza, esta última practicamente separada trala retirada militar e de colonos israelís en 2005 e, dende entón, dominada politicamente polo movemento islamita Hamas.

Capital: Historicamente, o reclamo palestino define a súa capitalidade en Xerusalén, actualmente baixo control israelí. A administración pública da ANP aséntase actualmente na cidade de Ramalah (Cisjordania), así como en Gaza, aínda que a fragmentación política a partir de 2007 determinou a preponderancia dos órganos adscritos a Hamás como entidades políticas e

administrativas nese territorio. A ANP reivindica Xerusalén Leste como a súa capital *de iure* dun futuro Estado palestino, obviamente sendo rexeitada esta posibilidade polo Estado de Israel.

Superficie: 6.239 km², oficialmente recoñecidos como territorio de soberanía da ANP. Tras décadas de ocupación militar e colonial israelí, os límites territoriais de Palestina son constante motivo de controversia. O territorio de Cisjordania é de 5.640 km² mentres que o de Gaza é de 380 km².

Poboación: 4.200.000 habitantes (estimacións 2008). Esta cifra supera as 10.000.000 persoas incluíndo aos refuxiados e desprazados (Siria, Líbano, Xordania, Exipto, territorios ocupados e península arábiga), así como á diáspora palestina (Oriente Próximo, Europa, América do Sur e EEUU).

Declaración da Independencia: O 15 de novembro de 1988, o líder da Organización para a Liberación de Palestina (OLP), Yasir Arafat, a través do Consello Nacional de Palestina, proclamou a independencia dos territorios palestinos de Cisjordania e Gaza, con capital en Xerusalén. Posteriormente, a “Intifada” ou levantamento popular nestes territorios ocupados (1987-1992) levou ás negociacións de paz para Oriente Próximo en Madrid (1991) e aos posteriores Acordos de Paz de Oslo (1993). O 4 de maio de 1994 constituíuse oficialmente a Autoridade Nacional Palestina (ANP)

Países ou territorios que recoñecen a independencia de Palestina: 102 países recoñecen a independencia palestina ou da Autoridade Nacional Palestina (ANP): **Alxeria, Bahrein, Comoras, Djibuti, Exipto, Iraq, Xordania, Kuwait, Líbano, Libia, Mauritania, Marrocos, Omán, Qatar, Arabia Saudita, Somalia, Sudán, Tunicia, Emiratos Árabes Unidos, Iemen, Angola, Benín, Botswana, Burkina Faso, Burundi, Camerún, Cabo Verde, República Democrática do Congo, Guinea Ecuatorial, Etiopía, Gabón, Gambia, Gana, Guinea, Guinea-Bissau, Madagascar, Malí, Illas Mauricio, Mozambique, Namibia, Níxer, Nixeria, Ruanda, São Tomé e Príncipe, Senegal, Illas Seychelles, Serra Leona, Suazilandia, Tanzania, Togo, Uganda, Zambia, Zimbabwe, Afganistán, Bangladesh, Bután, Brunei, Camboxa, República Popular de China, India, Indonesia, Irán, Laos, Malaisia, Illas Maldivas, Mongolia, Nepal, Corea do Norte, Paquistán, Filipinas, Sri Lanka, Turquía, Vietnam, Albania, Austria, Bielorrusia, Bosnia-Hercegovina, Bulgaria, República de Chipre, República Checa, Hungría, Malta, Montenegro, Polonia, Romanía, Rusia, Serbia, Ucraína, Cidade do Vaticano, Costa Rica, Cuba, Nicaragua, Venezuela, Uruguai, República Dominicana, Chile, Colombia, Arxentina, México, Ecuador, Bolivia e Vanuatu.**

Igualmente, a ANP mantén representacións diplomáticas noutros 12 Estados: **Francia, Australia, Bélxica, Alemaña, Grecia, Italia, Países Baixos, Portugal, España, Reino Unido, Brasil e Suíza.** A ONU recoñece á ANP como “entidade observadora”.

Forma de Estado ou sistema político: A Autoridade Nacional Palestina (ANP) desempeña practicamente as funcións dunha entidade estatal que non ten recoñecemento formal *de iure* a nivel internacional. A ONU recoñece á ANP como “entidade e organización intergubernamental”, cualificándoa como o interlocutor autorizado da poboación palestina. A instancias legais, recoñécese a existencia da “nación palestina” mais non dunha entidade estatal formalmente constituída.

Presidente: Desde xaneiro de 2005, Mahmud Abbas (*Abu Mazen*) é o presidente da ANP, como sucesor do líder histórico Yasir Arafat trala súa morte en novembro de 2004. O seu representante en Gaza é Aziz Duwaik. A maioritaria vitoria electoral de Hamás nas eleccións lexislativas para a ANP de xaneiro de 2006 practicamente certificou unha autoridade bicéfala no seo da ANP: Ismail Haniya (Hamás) pasou a ser primeiro ministro, pero o seu poder real está limitado a Gaza desde 2007; e Salam Fayyad (partido A Terceira Vía) converteuse no primeiro ministro en Cisjordania.

Disputas e conflitos internacionais: A persistente loita do pobo palestino por alcanzar a súa soberanía territorial desde a creación do Estado de Israel en maio de 1948, así como a posterior ocupación militar israelí dos territorios de Cisjordania e Gaza a partir de 1967 (parcialmente reducida trala retirada israelí de Gaza en 2005), perpetúa un problema de soberanía estatal que enfronta a palestinos e israelís, así como involucra aos países árabes limítrofes con Israel e con refuxiados palestinos (Siria, Líbano, Xordania e Exipto), á ONU e a EEUU, principal aliado israelí. O terrorismo, dos grupos armados palestinos e do propio Estado israelí, supón un elemento primordial para comprender o nivel de conflito, así como a constante confrontación entre o Exército israelí e, incluso, entre as propias milicias armadas palestinas de Al Fatah, Hamas, Brigadas dos Mártires de Al Aqsa, Yihad Islámica, etc, polo control efectivo do territorio palestino.

Linguas: O idioma maioritario é o árabe (80%), coa súa variable dialectal palestina. Tamén fálanse o hebreo, e existen comunidades de armenios e outras que falan o arameo, lingua semítica con máis de 3.000 anos de antigüidade. A poboación palestina tamén coñece o inglés, francés, italiano, español e alemán.

Configuración étnica: A maioría da poboación palestina é de orixe árabe semita, así como se aprecia a existencia de comunidades de hebreos, armenios e drusos.

Relixións: Musulmán sunnita (90%), aínda que tamén existen numerosas comunidades musulmáns xiítas. Aproximadamente un 3% da poboación profesa a relixión cristiá católica ou oriental, e tamén existen comunidades minoritarias de xudeus, cristiáns armenios, maronitas e drusos.

Economía: Xirando basicamente en torno á agricultura (cítricos, dátiles, cereais, olivas, vexe-

tais), a ocupación israelí determina unha forte dependencia exterior da economía palestina, especialmente das remesas da súa diáspora e da axuda internacional. Existe unha notable actividade comercial, de industria da construción e téxtil. A moeda oficial segue a ser o shekel israelí, aínda que en determinadas rexións de Cisjordania tamén se utiliza o dinar xordano. Non existen datos completamente fiables sobre o PIB per cápita, aínda que un informe do PNUD (2006) cífrano en US\$ 1.100 para a poboación palestina en Cisjordania e só de US\$ 600 en Gaza. O nivel de pobreza é preocupante: supera o 60% en Cisjordania e un alarmante 80% en Gaza, territorio azoutado polo bloqueo exterior israelí desde 2007.

Forzas armadas e gasto en defensa: Tras a formación da Autoridade Nacional Palestina (ANP) en 1994, creáronse corpos policiais e forzas de seguridade escasamente unificados, principalmente ante o predominio das milicias armadas dentro dos partidos e movementos palestinos (Al Fatah, Hamas, Fronte Popular para a Liberación de Palestina, FPLP, etc.). A escisión política e territorial consumada a partir de 2007, con Cisjordania baixo o control de Al Fatah e Gaza controlada por Hamas, acrecentou a dispersión e falta de unidade dos efectivos de seguridade da ANP, dificultando unha contabilización exacta do número real de efectivos e o gasto en defensa.

Dominio web: Servizo de Información da Autoridade Nacional Palestina (ANP): http://www.minfo.gov.ps/en_index.htm (actualmente fora de servizo)

PUNTLANDIA



Nome oficial: República de Puntlandia (en **somalí:** *Puntlaand*; en **árabe:** طنبلأ ضرأ) Antiga Somalia Italiana.

Capital: Garoowe. Poboación estimada de 35.000 habitantes, alberga o Parlamento, a sé da Presidencia e os ministerios. Cobra importancia a cidade de Boosaaso, principal porto de cara ao Golfo de Adén, que con aproximadamente 500.000 habitantes constitúe o motor económico de Puntlandia e sé da Universidade de África Oriental. Cara esta cidade desprázanse moitos habitantes do sur da inestable Somalia.

Superficie: 250.000 km². Localizado no extremo do denominado Corno de África, ao noroeste de Somalia, e ao Oeste da tamén autoproclamada República de Somalilandia. Ao Norte ten o Golfo de Adén e ao Leste o Océano Índico. Ao Sur limita co Estado somalí e ao sueste con Etiopía.

Poboación: 2.700.000 habitantes. A súa densidade demográfica é de só 5 hab/km²

Declaración de Independencia: Xullo de 1998. A separación territorial de Puntlandia é consecuencia da desintegración progresiva que experimenta o Estado somalí desde 1991, trala caída do réxime de Siad Barré e que deu paso tamén á autoproclamada República de Somali-

landia. Neste contexto, os Majeerteen ou “sub-clans” somalís do Noroeste tentaron establecer un goberno regular que preservara a súa rexión da guerra civil e das loitas existentes no resto do territorio somalí. Nese sentido, estableceuse en 1991 a República de Majeerteen, separada de Somalia e da recen autoproclamada Somalilandia. Tras consolidar a súa autoridade, esta República de Majeerteen logrou establecer institucións políticas e administrativas viables e de carácter democrático, que permitiron crear en xullo de 1998 a República de Puntlandia.

Nese momento, os líderes de diversas faccións somalís, como Husayn Muhammad Aydid, Ali Mahdi Muhammad, Uthman Hasan Ali (alias Uthman Ato) e Muhammad Qanyareh Afrah, estableceron un acordo en Mogadiscio polo que se formaba o Alto Comité para a Administración da rexión somalí de Benadir, dirixido por dous presidentes: Husayn Muhammad Aydid e Ali Mahdi Muhammad. Tras este acordo, fíxose público outro acordo dos clans do Noroeste de Somalia, a través dunha reunión de 450 delegados celebrada en Garowe, no distrito de Nugal. Estiveron presentes delegados dos clans ou subclans Darods de Majeerteen, sendo estes os Dulbahanti, Warsangeli, Lelcase e Awrtable.

Cómpre destacar que se ben Puntlandia oficializou a separación territorial de Somalia en 1998, o seu goberno contempla a posibilidade de constituírse como unha autonomía política e administrativa dentro dun Estado somalí federal, opción actualmente inexistente.

Países ou territorios que recoñecen a súa independencia: Puntlandia non posúe recoñecemento oficial por parte de ningún Estado, así como tampouco por parte de organizacións internacionais. Tendo en conta a súa visión autonomista dentro dun Estado somalí federal, o goberno de Puntlandia non semella buscar o seu recoñecemento internacional como Estado separado e independente, a diferenza da súa veciña Somalilandia.

Non obstante, en xaneiro de 2011, as autoridades de Puntlandia anunciaron a ruptura de negociacións co Goberno Federal de Transición (GFT) de Somalia, considerado pola ONU como a única autoridade estatal lexítima de Somalia, aducindo que o GFT “*non representaba os intereses de Puntlandia ante os foros internacionais*”.

Forma de Estado ou sistema político: República presidencialista.

Presidente: Abdirahman Mohamud Farole (dende xaneiro de 2009). É o cuarto presidente de Puntlandia, tras Abdullahi Yusuf Ahmed (1998-2001 e 2002-2004); Mohamed Abdi Hashi (2004-2005) e Mohamud Muse Hersi “Adde” (2005-2009).

Disputas e conflitos internacionais: Coa República de Somalilandia, que levou a unha breve guerra entre outubro e novembro de 2006, unha vez a Unión de Cortes Islámicas de Somalilandia capturou o asentamento de Bandiiradley, na fronteira con Puntlandia. Isto provocou unha forte disputa entre diversos “señores da guerra” que, paralelamente, provocaron unha incur-

sión e tentativa de captura do enclave de Gaalkacyo, capital da rexión de Mudug en Somalia, que é reivindicada por Puntlandia. Tamén existen controversias políticas e territoriais con diversos clans somalís.

Linguas: Somalí e árabe.

Configuración étnica: A diversidade de clans familiares e étnicos conforman un auténtico mosaico. Predominan os sub-clan *majeerteen*, así como os clans *darod*, *dir* e *ishaq*, abertamente enfrontados cos demais clans somalís, especialmente asentados no Centro e Sur de Somalia. A existencia de *darods* tamén en territorio somalí pode ser un dos motivos polos que Puntlandia non buscou a secesión nun primeiro momento. En 2001, unha disputa electoral provocou que dous líderes políticos, pertencentes a clans diferentes, mobilizaran e enfrontaran as súas milicias. Por tanto, este tipo de vínculos son moi importantes dentro da súa sociedade.

Relixións: Islam sunnita (maioritario), en especial a Escola *Shafi'í* da xurisprudencia islámica, considerada a máis flexible dentro do rigorismo legal islámico. Aprécianse tamén crenzas animistas e sincretistas das culturas africanas.

Economía: A produción pesqueira constitúe a principal actividade económica de Puntlandia, sendo prolífica a piratería no Golfo de Adén e no Océano Índico. Puntlandia posúe unha costa de 1.600 km de extensión, con grandes riquezas mariñas (mariscos, lagostas, peixe seco, atún). Ademais, tamén existe unha notable actividade gandeira, agrícola e manufactureira.

Forzas armadas e gasto en defensa: Estímase entre 700 e 1.000 efectivos as forzas de seguridade de Puntlandia. Non existen datos fidedignos sobre o seu gasto militar. En 1992, a ONU estableceu un embargo de armas en Somalia que, directamente, afectou ás milicias de Puntlandia.

Dominio web: Goberno da República de Puntlandia (en inglés): <http://www.puntlandgovt.com/>

REPÚBLICA MOLDAVA PRIDNESTROVIANA DE TRANSNISTRIA



Nome oficial: República de Transnistria, Transdnestria ou Pridnestrovia, segundo fontes moldavas literalmente significa “Marxe esquerda do Río Dniéster” (en **ruso**, Приднестровье, *Pridnestrovie*; en **moldavo**, Transnistria ou *Stânga Nistrului*)

Capital: Tiráspol.

Superficie: 4.163 km² (2001). Está localizada en Europa Oriental, na marxe esquerda do Río Dniéster, con fronteiras con Besarabia na República de Moldavia e Ucraína.

Poboación: 537.000 habitantes (2007)

Declaración da Independencia: 2 de setembro de 1990. Foi declarada baixo o nome oficial de República Socialista Soviética de Transnistria ou República Moldava Pridnestrovia. O 17 de decembro de 2006 celebrouse un referendo que ratificou a independencia de facto de Transnistria, cun 97,2% dos votos.

Países ou territorios que recoñecen a independencia: A súa independencia só é recoñecida por tres Estados *de feito*: **Osetia do Sur**, **Abxazia** e **Nagórni Karabáj**, aínda que **Rusia** mantén relacións a través dun Consulado en Tiráspol.

Forma de Estado ou sistema político: República semipresidencialista, con Parlamento unicameral e multipartidista.

Presidente: Igor Smirnov (desde 1991)

Disputas e conflitos internacionais: Trala súa declaración de independencia de Moldavia en 1990, xurdiu un conflito armado, con saldo de aproximadamente 1.500 mortos, ata lograrse un cese ao fogo en 1992, propiciado por Rusia, Ucraína, Moldavia e representantes da Transnistria. A raíz deste alto ao fogo, Moscova mantén a súa presenza militar a través do 14º Exército Ruso, considerado por Moldavia como un “factor externo hostil” pero que, aos ollos das autoridades de Transnistria, constitúe a súa única garantía de protección e seguridade.

Linguas: Moldavo (unicamente oficial), ruso e ucráino.

Configuración étnica: Moldavo (32%), Ruso (30,4%), Ucraíno (28%); tamén existen grupos étnicos de orixe búlgaro, gagaúzo (túrquico), bielorruso, polacos, xudeus e alemáns.

Relixións: Cristianismo Ortodoxo oriental (91%), católicos (4%), evanxélicos.


Economía: predominio da industria pesada, eléctrica e metalúrxica, así como dunha considerable industria téxtil. A súa moeda é o rubro de Transnistria, unicamente con validez nese territorio.

Forzas armadas e gasto en defensa: En Transnistria están despregados aproximadamente 2.500 soldados rusos para labores de mantemento dos depósitos de municións e material de guerra do 14º Exército Soviético, agora denominado Grupo Operativo de Tropas rusas en Transnistria. Unha gran parte deste arsenal nutre ás Forzas Armadas de Transnistria, así como ás forzas de seguridade do Ministerio do Interior e da policía.

Dominio web: Páxina oficial do Soviet Supremo de Pridnestrovia (en ruso): <http://www.vspmr.org/>

Páxina de información sobre a República Pridnestrovia de Transnistria (en inglés): <http://www.pridnestrovie.net/>

REPÚBLICA TURCA DO NORTE DE CHIPRE



Nome oficial: República Turca do Norte de Chipre (en **turco:** *Kuzey Kıbrıs Türk Cumhuriyeti*, KKTC)

Capital: Nicosia (*Lefkoşa* en turco). En reclamación coa República de Chipre.

Superficie: 3.355 km². Localizada ao norte da illa de Chipre, no Mar Mediterráneo.

Poboación: 210.000 habitantes (estimacións 2003)

Declaración de Independencia: 15 de novembro de 1983 (da República de Chipre)

Países ou territorios que recoñecen a súa independencia: Só recoñecida oficialmente pola República de Turquía e pola República Autónoma de Najicheván (Azerbaián). Non obstante, a RTNC é membro da Organización da Conferencia Islámica e da Organización de Nacións e Pobos Non Representados (UNPO polas súas siglas en inglés), con sé na Haia (<http://www.unpo.org/>).

Forma de Estado ou sistema político: República secular e parlamentaria, cun sistema político e legislativo inspirado na República de Turquía.

Presidente: Derviş Eroğlu (desde abril de 2010)

Disputas e conflitos internacionais: Desde a invasión militar do 20 de xullo de 1974, Turquía mantén aproximadamente 35.000 efectivos militares na RTNC, un elemento que incrementa as tensións coa veciña República de Chipre, a ONU e a Unión Europea. En abril de 2004, previo ao ingreso da República de Chipre na Unión Europea, a ONU presentou un plan de paz na que contemplaba unha confederación de dous Estados, un turco-chipriota e outro greco-chipriota. Un 65% dos turco-chipriotas aprobaron este plan, sendo rexeitado pola poboación greco-chipriota, principalmente ao consideraren que outorgaba moitas vantaxes á parte turca: presenza militar indefinida e asentamento dos aproximadamente 45.000 colonos turcos ao norte.

A ONU e os organismos internacionais só recoñecen a legalidade da República de Chipre, de maioría greco-chipriota, actualmente membro da Unión Europea, pero que non goza do recoñecemento oficial por parte de Turquía.

Linguas: O turco é a lingua predominante. Existen minorías de gregos e libaneses maronitas.

Configuración étnica: Poboación maioritaria de orixe turca, con pequenas minorías de greco-chipriotas e libaneses.

Relixións: Musulmán sunnita (99%); cristián ortodoxa e maronitas.

Economía: A dependencia económica de Turquía é absoluta. A moeda oficial é a lira turca. Ankara inviste anualmente US\$ 700.000 millóns no desenvolvemento da RTNC.

Forzas armadas e gasto en defensa: As súas forzas de defensa corresponden a 5.000 efectivos distribuídos en sete batallóns de infantaría, que poden achegarse aos 26.000 efectivos coas forzas de reserva. Paralelamente, Turquía posúe 35.000 efectivos militares de Exército de Terra, Mar e Aire, baixo o comando do 4º Exército Turco.

Dominio web: <http://www.trncgov.com/> (fora de servizo). Existe un blog en español: <http://www.republicaturcadelnortedechipre.blogspot.com/>

SOMALILANDIA



Nome oficial: República de Somalilandia (en **somalí:** *Soomaaliland* ou *Jamhuuriyadda Soomaaliland*; en **árabe:** (لماوصلنا ضراً تيروموج) Antiga Somalia Británica.

Capital: Hargeisa (*Hargeysa* en somalí)

Superficie: 137.600 km². Localizado na costa oriental africana, no denominado Corno de África, Somalilandia limita ao Norte co Golfo de Adén, ao Leste coa República independente de Puntlandia, ao Oeste con Djibuti e ao Sur e Sueste con Etiopía.

Poboación: 3.500.000 habitantes (estimacións 2005)

Declaración de Independencia: En maio de 1991, a República de Somalilandia decidiu a súa separación formal da República de Somalia, en gran medida ante a situación de anarquía nese país e a persistencia dunha diáspora que ansiaba a independencia. A partir de entón, a guerra civil non só afondou a inestabilidade no territorio de Somalia senón que, practicamente, desin-

tegrou a institucionalidade e a orde estatal instaurada desde a súa independencia da soberanía británica en 1960 e, principalmente, tralo réxime de corte socialista instaurado por Mohammed Siad Barre entre 1969 e 1991.

Aínda que formalmente separada, Somalilandia non escapou da inestabilidade propia da diversidade conformada polo mosaico étnico, tribal e de clans somalís, así como ante o avance de milicias integristas islámicas cara a capital somalí Mogadiscio. Todo isto afondou unha separación política e territorial *de facto*, con faccións militares e tribais controlando diversos territorios, como é no caso da veciña Puntlandia.

A pesar de non ser recoñecida internacionalmente, desde 1991 a República de Somalilandia, comparada co resto do país, acadou un notable grao de estabilidade, incluso celebrando eleccións democráticas presidenciais, parlamentarias e municipais e aprobando unha Constitución en 2001. Aínda que o goberno non ten o monopolio total da forza estatal policial e militar, Somalilandia conta cunha orde efectiva. Velaí que a andaina de Somalilandia como Estado *de feito* e a súa relativa estabilidade permitiulle escapar levemente do caos e da anarquía existente noutras rexións de Somalia e do Corno de África.

Países ou territorios que recoñecen a súa independencia: Somalilandia non posúe recoñecemento oficial de ningún Estado. Non obstante, a súa estabilidade institucional e política, en comparación coas dificultades de orde estatal e a anarquía existente en diversas rexións de Somalia, permitiron a países como **Etiopía** establecer fluídos contactos políticos e comerciais, con efectos prácticos e quizais antesala dun eventual e futuro recoñecemento diplomático e político formal.

Ao mesmo tempo, Somalilandia mantén oficinas de representación en **Sudáfrica** e **Ghana**, así como en **Londres** e **Bruxelas**. Pola súa parte, **Suecia** recoñeceu a partir de 2007 a Somalilandia como entidade autónoma para recibir axuda ao desenvolvemento. O futuro do recoñecemento formal de Somalilandia está moi vinculado á evolución da súa relación con Etiopía. A Unión Africana non se pronuncia, moi probablemente á espera da decisión definitiva etíope.

Forma de Estado ou sistema político: República presidencialista, aínda que o seu sistema político considérase “híbrido” debido a que combina as institucións políticas modernas (poderes Executivo, Lexislativo e Xudicial) con outras ancestrais e tradicionais, especialmente configuradas en torno ás asembleas de clans étnicos e familiares, denominado “sistema de goberno *beel*” (clan ou comunidade), así como o Consello de Sabios (*guurti* en somalí). Tamén funciona a lei islámica ou *Sharia*, limitando o dereito de asociación e a liberdade relixiosa: Hai só tres partidos políticos: o Partido para a Xustiza e a Democracia (UCID), o Partido Paz, Unidade e Desenvolvemento (*Kulmiye*) e o Partido para a Unidade, a Democracia e a Independencia (UDUB).

Presidente: Ahmed M. Mahamoud Silanyo (2010)

Disputas e conflitos internacionais: Trala constitución da República de Somalilandia en 1991, o goberno de Hargeysa apostou pola inclusión das rexións administrativas de Awdal, Woqooyi Galbeed, Togdheer, Sanaag e Sool, desatando unha forte loita política e armada coas diversas autoridades centrais somalís en Mogadiscio. Igualmente, Europa e outros países africanos recean do presunto apoio de clans de Somalilandia aos grupos de piratería que operan no Océano Índico e no Golfo de Adén.

Linguas: Somalí e árabe.


Configuración étnica: A diversidade de clans familiares e étnicos plasman un auténtico mosaico. Predominan os clans *darod*, *dir* e *ishaq*, abertamente enfrontados cos demais clans somalís, especialmente asentados no Centro e Sur de Somalia.

Relixións: Islam sunnita (maioritaria), en especial a Escola *Shafi'i* da xurisprudencia islámica, considerada a máis flexible dentro do rigorismo legal islámico. O Islam constitúe a relixión estatal en Somalilandia. Aprécianse tamén crenzas animistas e sincretistas das culturas africanas.

Economía: Basicamente dependente do gando e da agricultura, con especial énfase na produción de cereais e na horticultura, Somalilandia ten unha economía en plena fase de desenvolvemento. A súa moeda, o chelín somalilandés, non é recoñecida internacionalmente, aínda que si se utiliza por razóns prácticas nas transaccións comerciais coa veciña Etiopía. Somalilandia cobra impostos no porto de Berbera, un enclave comercial importante na zona. O seu territorio alberga importantes recursos de petróleo, gas natural, xeso, cal, mica, cuarzo, lignito, chumbo, ouro e sulfuro. Cabe destacar tamén que algúns bens públicos son subministrados por iniciativas de emigrantes somalís e de ONGs.

Forzas armadas e gasto en defensa: As Forzas Armadas e de Seguridade de Somalilandia, así como a Forza de Policía de Somalilandia, contabilizan aproximadamente 30.000 efectivos.

Dominio web: Goberno da República de Somalilandia (en inglés): <http://www.somalilandgov.com/>



Nome oficial: República de China, tamén coñecida como Taiwán, antiga Illa de Formosa. (En chinés: 中華民國; pinyin: Zhōnghuá Mínguó). Dende a perspectiva política, existen numerosas diverxencias de carácter semántico en canto á denominación da República de China ou Taiwán, especialmente como consecuencia da presión illadora da República Popular de China (RPCh).

Durante a “guerra fría”, os medios occidentais simplificaron esta distinción diferenciando entre a “China Nacionalista” (Taiwán) e a “China Popular” (para a RPCh). Durante os anos de presidencia en Taiwán de Chen Shui-bian (2000-2008), fomentouse o uso de “Taiwán”, dentro dun denominado proceso de “taiwanización” das súas institucións políticas e administrativas.

Capital: Taipei

Superficie: 36.200 km². Situado entre o Estreito de Taiwán e o Mar de Filipinas, a escasas mil-las da costa da provincia chinesa de Fujian. Ao Norte está delimitado polo Mar de China Oriental e ao Sur polo Mar de China Meridional.

Poboación: 22.814.636 habitantes (2008). Un 75% da súa poboación habita en zoas urbanas.

Declaración de Independencia: A proclamación da República Popular China (RPCh) en outo-

bro de 1949, rematou coa hexemonía do Partido Nacionalista Kuomintang, dirixido por Chiang Kai-shek, con quen os comunistas mantiveron unha prolongada guerra civil, coincidindo coa invasión xaponesa a China e a II Guerra Mundial.

A derrota do Kuomintang en 1949 deu paso ao éxodo á illa de Taiwán (antiga Formosa) das súas institucións administrativas e de goberno. Dende entón mantense a separación *de feito* entre Taiwán e a China continental. No contexto da “guerra fría”, Taiwán contou co apoio de EEUU e dos seus aliados, mesmo a pesar de perder o seu asento na ONU en 1971 a favor da RPCh. O réxime ditatorial do Kuomintang permitiu a vixencia, entre 1949 e 1987, dunha lei marcial e do “estado de guerra” en Taiwán que, paulatinamente, deu paso a un proceso de democratización, apertura política e reformas económicas a partir de 1996.

Países ou territorios que recoñecen a independencia de Taiwán: Goza do recoñecemento de 23 países membros da ONU: **Belice, Burkina Faso, O Salvador, Guatemala, Haití, Honduras, Kiribati, Nauru, Nicaragua, Palau, Panamá, Paraguai, San Cristóbal e Neves, Santa Lucía, San Vicente e as Granadinas, São Tomé e Príncipe, Suazilandia, República Dominicana, Gambia, Illas Marshall, Illas Salomón, Vaticano e Tuvalu.**

Anualmente, a listaxe de países que recoñecen á República de China e que manteñen relacións diplomáticas con ela, redúcese notablemente, en particular ante o impulso político, diplomático e económico da RPCh. Paralelamente, Taiwán ingresou en 2002 na Organización Mundial do Comercio (OMC) baixo o nome de “Taipei China” (Territorio Aduaneiro Distinto de Taiwán, Penghu, Kinmen e Matsu). En 1971, a República de China deixou o seu posto como membro da ONU, cando a maioría dos países votaron pola inclusión da República Popular de China. Desde 1991, Taiwán tamén forma parte da Asociación de Cooperación Económica do Asia Pacífico (APEC).

Forma de Estado ou sistema político: República semipresidencialista, cuxo mandatario é elixido por sufraxio universal. Existen cinco poderes públicos: Yuan Executivo, Yuan Legislativo, Yuan Xudicial, Yuan de Control e Yuan de Exames.

Presidente: Ma Ying-jeou (dende maio 2008)

Disputas e conflitos internacionais: A República Popular China (RPCh), así como diversos países, non recoñecen a lexitimidade da República de China, que recibe un apoio tácito e estratéxico por parte de Washington aínda que non un recoñecemento formal. Dende 1980, as autoridades taiwanesas veñen abandonando o seu reclamo de erixirse como autoridade lexítima e legal do resto da China continental. Dende a perspectiva estratéxica e xeopolítica, a tensión entre a RPCh e Taiwán podería presentar un escenario de alto nivel de confrontación política e militar entre China e EEUU.

Linguas: Aínda que o idioma maioritario é o chinés mandarín, os taiwaneses prefiren utilizar unha variante dialectal chinesa das familias *Min* (orixinaria da rexión de Fuxián na China continental) e *Hakka*, así como outras de orixe formosana.

Configuración étnica: Un 98% da poboación é de orixe chinesa, sendo o resto unha combinación de etnias aborixes formosanas.

Relixións: Existe unha ampla configuración relixiosa: un 35,1% profesan o budismo; un 33% son taoístas e confucianistas; 14% ateos; 3% cristiáns e 3,5% doutras crenzas e sectas.

Economía: Cun elevado crecemento económico, unha boiante clase media, forza laboral capacitada e empresas de tecnoloxía punta (microprocesadores, telecomunicacións, biotecnoloxía, etc.), Taiwán é considerado polos organismos internacionais como un dos polos económicos de maior crecemento, baixo a noción de “Novo País Industrializado” (New Industrialized Countries, NIC´s) e cualificado como un dos denominados “catro tigres asiáticos”, xunto a Corea do Sur, Singapur ou Malaisia.

Taiwán veuse beneficiado por elevados investimentos por parte de EEUU, Xapón e Europa. O seu PIB per cápita estimado é un dos máis elevados a nivel mundial, calculándose en US\$ 19.625, mentres a súa moeda oficial é o Novo Dólar Taiwanés.

Forzas armadas e gasto en defensa: Aproximadamente, 2 millóns de efectivos forman parte das Forzas Armadas da República de China ou Taiwán, contando cun importante apoio por parte de EEUU. Un 2,2% do PIB taiwanés vai destinado a gastos en defensa (2009).

Dominio web: Páxina oficial do goberno da República de China (en español): <http://www.gio.gov.tw/taiwan-website/abroad/sp/index.html>

Páxina oficial (en inglés): <http://www.mofa.gov.tw>



Informe Mundial de ESTADOS DE HEITO

